

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 21**

### **SESION ORDINARIA(decembro) DO 12 DE XANEIRO DE 2016**

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores  
Caride Estévez, María José  
Fernández Pérez, José Manuel  
Iglesias González, Ana Laura  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
Marra Domínguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Rodríguez Escudero, Cayetano

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
Gago Bugarín, Diego José  
González Sánchez, Elena  
Muñoz Fonteriz, Elena  
Piñeiro López, Ángel

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois  
López Barreiro, Margarida  
Pérez Correa, Rubén

#### NON ASISTEN:

López Font, Carlos (voceiro do grupo Socialista)  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen (concelleira do grupo Socialista)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día doce de xaneiro do ano dous mil dezaseis, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro

López, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA (decembro) conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Señores concelleiros, iniciamos o Pleno do Concello sesión ordinaria, convocado para o día 28 de decembro pero posposto para o día de hoxe, agradézolle aos grupos municipais a cortesía de ter aceptado esta proposta de data que fixen eu dende esta presidencia por motivos doutra reunión de ámbito político tamén, ábrese sesión pública, constátase quórum e iniciamos o Pleno.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **1(255).- ACTAS ANTERIORES. (ACTA ORDINARIA 26 DE OUTUBRO DE 2015).**

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria do 28 de setembro de 2015.

#### **2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.**

Non se realizaron.

#### **3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

Non houbo.

#### **4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO**

## **PLENO.**

Non houbo.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

## **5.- MOCIÓNS:**

### **5.1(256).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO MINISTERIO DE FOMENTO-RENFE A INCREMENTAR OS SERVIZOS A MADRID E BARCELONA EN FESTIVOS E PERÍODOS VACACIONAIS PARA GARANTIR A DEMANDA DE TRANSPORTE DOS VIGUESES. REXISTRO PLENO 1227/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de outubro de 2015, número 1227/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“Nos últimos tempos conseguir unha praza nos trens de Larga Distancia de RENFE a Madrid e Barcelona en días festivos e en períodos vacacionais transformouse en misión imposible para os usuarios dos mesmos.

Nestes períodos as prazas dispoñibles nos mesmos esgotanse con días de antelación ás citadas datas.

A supresión destes servizos xera unha redución da capacidade de mobilidade dos cidadáns aos que lles resulta imposible acadar unha praza nos citados trens.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

#### ACORDO

-Instar ao Ministerio de Fomento-Renfe a incrementar o servizo ferroviario de trens ás cidades de Madrid e Barcelona en festivos e períodos vacacionais co obxectivo de garantir a demanda de transporte dos cidadáns de Vigo.”

Con data 19 de outubro de 2015, a Comisión Informativa de Transporte, Proxectos, Emprego, Economía, Parques e Participación quedou enterada da moción.

## DEBATE:

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Nós últimos tempos assistimos continuamente á notificacións nos distintos medios de comunicación na que se reflicte a imposibilidade dos vigueses de comprar billetes de tren de longa distancia de Renfe, tanto a Madrid como a Barcelona, en días festivos, en vacacións, etc. ademais da dificultade para compralos debido a que esgotan rápido pola escasa oferta que nestes momentos existe e a gran demanda que nestes momentos existe dos cidadáns. Dende o Goberno de Vigo cremos que o ferrocarril é un medio de transporte ecolóxico, é un medio de transporte sostible, é un dos medios de transporte masivo e colectivo que se deben fomentar e potenciar desta cidade e vemos que dende o Goberno de España o que hai é un ataque duro contra este medio de transporte, contra esta forma de viaxar e que nestes momentos está completamente mermado, vemos como nos viaxes do Nadal deste ano 2015, enchen máis dunha vintena de trens a Madrid e Barcelona, nos desprazamentos para celebrar as festas na cidade, axitan billetes tanto a familiares como a amigos, vemos como os días previos a Noite Boa, a fin de ano, estes trens colgan o “non hai billetes” con semanas de antelación e si digo ben, con semanas de antelación.

Vemos como isto se repite non só nas festas de Nadal senón que tamén vemos como o ano pasado en Semana Santa e en previsión á próxima Semana Santa conseguir un billete de tren para chegar ou saír da provincia de Pontevedra, da cidade de Vigo era completamente imposible neses período vacacional, se queremos apostar polo turismo, pola oferta hostaleira que ofrece a nosa cidade, temos que apoiar e temos que fomentar o uso do ferrocarril e isto só se consegue aumentando o número de liñas, de expedicións e a capacidade das mesmas, especialmente durante os días que se prevé que haxa un maior número de desprazamentos, os problemas comezarán xa non só na propia semana, nin no propio fin de semana senón que comeza días anteriores días, previos incluso vemos como semanas antes é imposible recoller ningún destes servizos ferroviarios. Pola situación non é mellor para o regreso destas festividades, vemos como nestes días de xaneiro tanto o tren Alvia como o Tren-Hotel, ou o Intercity están completamente esgotados as viaxes e vemos como xa a ocupación e a reserva para a Semana

Santa seguinte que xa neste momento se oclusa cunha gran demanda e polo cal esiximos e demandamos maiores frecuencias e maiores ferrocarrís que comuniquen á cidade de Vigo coa cidade de Madrid e coa de Barcelona.

Renfe quita a venda na súa web billetes máis demandamos todo o ano, os da ruta Vigo-Madrid que coinciden coas datas de Nadal, o luns viamos como a operadora ferroviaria desbloqueou a comercialización das pasaxes á capital, vimos como xa dende o 11 de decembro estaban esgotados tódolos billetes para as datas claves, os días sinalados da operación ida e da operación retorno do Nadal á cidade de Vigo, cada ano os billetes para ir e regresar a Chamartín durante a segunda quincena de decembro rematan voando cando empeza a súa comercialización, no seu caso que empezou a súa comercialización o 11 de decembro. Estes problemas véñense a producir xa dende anos, estes catro anos do Goberno do Partido Popular en Madrid fixeron un deterioro importante do sistema ferroviario coa cidade de Vigo. Por todo isto, e tras anos nos que os cidadáns de Vigo veñan a soportar esta situación dos trens Vigo-Madrid e Vigo-Barcelona, sendo discriminados con respecto a outras cidades, polo cal esixímoslle ao Ministerio de Fomento e pedimos a tódolos grupos que compoñen esta Corporación que Renfe solucione este problema, que xa durante anos se vai incrementando de forma substantiva na comunicación de Madrid e Barcelona coa cidade de Vigo, sobre todo en días festivos, en días de pontes, en períodos vacacionais que cremos que é a forma de potenciar a cidade de Vigo, víamos como os medios de comunicación en reiteradas ocasións, neste últimos días, dicían o retorno vacacional deixa sen prazas o tren a Barcelona ata principios de setembro, arranca a carreira polos billetes no tren Vigo-Madrid por Nadal, os trens cara Madrid e Barcelona esgotan as súas prazas, as viaxes por Nadal enchen máis do 20% dos trens a Madrid e Barcelona cun mes de antelación, estes son os titulares que podíamos ver na prensa local nestes días previos ao Nadal, por iso esiximos e pedimos dende aquí á administración central, ao Goberno de España que fomente e potencie este sistema de comunicación.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Imos a votar a favor desta moción, por poñer un exemplo máis a reposición da liña nocturna a Barcelona dos sábados noite e unha petición reiterada dos sindicatos ferroviarios, polo tanto, evidentemente apoiamos este reforzo de liñas.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Piden na súa moción que aumenten en vacacións os trens dende Vigo a Madrid e a Barcelona, nisto evidentemente imos estar sempre de acordo, sobre todo sempre que a oferta de prazas sexa insuficiente por tanto xa adiantamos que o noso voto vai ser favorable.

Que quede claro que o Partido Popular de Vigo sempre vai querer que Renfe oferte as prazas que sexan necesarias para cubrir a demanda de conectar por tren Vigo con Madrid e Barcelona, tanto sexa en vacacións como non sexa en período vacacional, quizais hoxe quixeran retirar esta moción xa que o que piden é instar ao Ministerio de Fomento a que reforce esas rutas e o lóxico é que vostede cada vez que o vexo na prensa local e o Alcalde na súa reunión de onte coa Ministra de Fomento aproveitaran para tratar este tema e seguramente a Sra. Ministra, a Sra. Pastor, lle despexara tódalas súas dúbidas pero creo que o que sería recomendable sería traballar en política nesa liña, na liña da colaboración, do diálogo, no do entendemento, de quitar os proxectos de Vigo para adiante e non na liña da manipulación e da propaganda. A realidade é que Renfe no Nadal si reforzou as prazas con Vigo e con Galicia en máis de 7.500 prazas, os trens Alvia que conectan Madrid con Galicia contaron entre o 23 de decembro e o 6 de xaneiro con 3.200 prazas adicionais, con Madrid, e tamén a ruta a Barcelona tivo 4.300 asentos extra para esas mesmas datas, por iso non sei se é moito pedir que non confundan, que sexan responsables porque parece entreverse ou lerse entre liñas que na súa intervención que o Ministerio de Fomento non atende a esta cidade, e isto se entendería se estiveramos falando da época do Partido Socialista en Madrid, dende o Sr. Abel Caballero que prometeu o AVE a Galicia igual que o teñen en Andalucía dende o ano 1992, ata a famosa Ministra a Sra. Álvarez co seu famoso Plan Galicia de Mier ou o que parece o próximo candidato que apoia o Partido Socialista de Vigo ás eleccións Galegas, o Sr. Blanco, que o único que nos deixou en Vigo foi un gran burato, unha gabia e centos e centos de facturas e millóns de euros sen pagar, porque supoño que xa o saberá pero voulle enumerar o resume, do balance do Ministerio de Fomento do Partido Popular durante estes anos para a cidade de Vigo, entre o 2012 e o 2015 o gasto do Ministerio de Fomento na provincia de Pontevedra ascendeu a 1.665 millóns de euros, só o tren de Alta Velocidade, o Eixo Atlántico Vigo-A Coruña, 800 millóns de euros, cando gobernaba o Partido Socialista o AVE

chegaba a A Coruña, Ourense, a Santiago de Compostela pero non chegaba a Vigo, quen trouxo o AVE a Vigo foi o Partido Popular e a ministra a Sra. Pastor, e iso vai ser historia da cidade e esa foto que hai días publicaba un xornal da cidade vai ser histórica, quen trouxo o AVE a Vigo, á nosa cidade foi o Partido Popular, só de pago de débedas e de expropiacións que vostedes deixaron se pagar pois pagáronse nesta lexislatura 158 millóns de euros, eu lembro aquí os Plenos que viñan os afectados do AVE de Teis, non sei se se lembra, ata unha pobre afectada un día deulle un síncope e tiveron que atendela os medios de urxencia, pois eses afectados xa están pagados, as expropiacións xa están pagadas pero tamén no AVE a Galicia pagáronse 3.500 millóns de euros que é o que fai que xa agora leve seis horas e media o traxecto Vigo a Madrid pero xa coa entrada do AVE ata Zamora vanse reformular as liñas e por iso lle adianto que vai haber boas noticias para a cidade porque o chegar a Madrid vai ser só cinco horas e media.

Eu o que lle pediría é o clima de colaboración por non seguir enumerando investimentos como a pasarela de IFEVI ao Aeroporto que xa por fin se fixo como eses 1.500.000 de euros para a Avenida de Madrid que no Concello de Vigo o Orzamento Municipal tiña cero, e por non dicir onde nos meteron o Plan Xeral nun caixón, menos mal que estiveron só tres anos e medio na Xunta de Galicia senón a desfeita houbera sido tremenda.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: A verdade Sr. Fidalgo empezou ben, estaba sorprendido, dixen “o Partido Popular neste primeiro ano, neste primeiro Pleno do ano 2016 van a ter unha actitude construtiva” e ía felicitalo o que pasa é que despois xa se me despistou un pouco polo camiño pero eu creo que imos a reflexionar e imos pensar no positivo, non imos pensar que o último que comentou que lle ía no guión que lle obrigaron a dicilo porque eu lle coñezo ben, creo que esa tampouco era a súa vontade.

Eu quérolle dar as gracias ao Partido Popular e a Mareas por apoiar esta moción que é tan importante, eu creo que este goberno, o Alcalde de Vigo ten demostrado que todo o que sexa sumar nesta cidade vaise celebrar, que esta cidade é a cidade do consenso, que esta cidade tódolos que a axudan imos estar ao carón delas, que este goberno da cidade vai estar ao carón de toda a xente que aposte pola cidade e que crea na cidade, fíxoo coa colaboración da Xunta de Galicia no Plan Xeral,

fíxoo coa actitude da Ministra de Fomento cando si resolve non como vostedes, vostede di que xa chegou ao AVE é sabe que é mentira, o AVE non chegou, pero onte a súa ministra do Partido Popular se se comprometeu co Alcalde e que ía blindar a entrada do AVE en Galicia por Cerdedo, e eu non lle vou a falar de historia, non lle vou falar da L cando o tren entraba en Galicia por Vigo e que despois alguén do Partido Popular a modificou, eu non lle vou a entrar niso, porque eu creo que hai que mirar cara o futuro, sobre todo no mes e xaneiro hai que construír un futuro moito mellor. Os cidadáns dixeron que nese futuro moito mellor pois non contan co Partido Popular, pero si que contan co Partido Socialista e que se contan co Goberno da cidade de Vigo presidido polo Sr. Abel Caballero.

Vostede nos dicía “instancias ao Ministerio” si eu creo que nada mellor que isto, non só o goberno da cidade pide e insta, a parte unha solicitude moi amable desta corporación, non só é o goberno, neste caso toda a Corporación, o Grupo de Mareas, o Grupo do Partido Popular, o Grupo Socialista e o Goberno da cidade pídelle que se reforce estas liñas porque vostede sabe Sr. Fidalgo que os reforzos que se fixeron este Nadal que tamén se fixeron o Nadal pasado, non son suficientes, entón toda esa xente que estuda fora, que traballa fora e que nestas festas volta as súas casas, eu creo que vostede quere e nos queremos que se garanta que teñan acceso ao ferrocarril que é un medio de transporte económico, e que é un medio de transporte sostible, e non só iso, despois o medio de transporte ferroviario ten que ser unha ferramenta máis, unha panca máis para apostar polo turismo desta cidade, para que os hostaleiros desta cidade poidan ocupar as súas prazas, para que esta cidade se converta nese referente que estes últimos oito anos de goberno do Sr. Abel Caballero na cidade estamos a conseguir, e para que pronto as Illas Cíes sexan Patrimonio da Humanidade e sexa un reclamo maior para o turismo desta cidade, e que a partires de agora un dos piares desta cidade sexa o turismo.

**VOTACIÓN:** Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

**ACORDO:**



Aprobar a Moción presentada, en data 14.10.2015 (Rex. Nº 1227/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**5.2(257).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A DESENVOLVER COMO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO OU PROXECTOS SECTORIAIS DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL O POLÍGONO DE BALAIADOS, AMPLIACIÓN DO PTL VALADARES, ESTACIÓN DE THOM MAYNE E A CIDADE DA XUSTIZA. REXISTRO PLENO 1295/1101.**

Retirada polo grupo municipal Socialista.

**5.3(258).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN A QUE AUMENTE SIGNIFICATIVAMENTE A OFERTA DE CICLOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL TANTO DE GRAO MEDIO COMO DE GRAO SUPERIOR NO ENSINO PÚBLICO, NO PRÓXIMO CURSO 2016/17. REXISTRO PLENO 1296/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de decembro de 2015, número 1296/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

**MOCIÓN**

“Nos últimos cursos académicos vemos como as mozas e mozos vigueses e dos concellos próximos non poden cursar Ciclos Formativos de Formación Profesional pola insuficiencia da oferta ou porque non obteñen prazas nas especialidades ou familias profesionais desexadas. Esta situación agrávase polo aumento do paro xuvenil, e ademais, supón outro factor que aumenta o número de mozos e mozas que sae fora de Galicia en busca dun traballo, ben de formación, ou incluso de embalas dúas.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

#### ACORDO

- Instar a Consellería de Educación da Xunta de Galicia a que aumente significativamente a oferta de Ciclos de Formación Profesional tanto de Grao Medio como de Grao Superior no ensino público, no próximo curso 2016/17."

#### DEBATE:

SRA. ALONSO SUÁREZ: Permítanme que comece a miña intervención cunha anécdota, xa fai uns cantos anos e un día na rúa atopei a un antigo alumno, ía cunha moto chula e contoume que deixara os seus estudos para traballar na construción, "profe", dicíame, "non sabes que ben estou, traballando uns meses xa gañei cartos para comprar esta moto, e agora vou con ela ao instituto para fardar diante dos compañeiros", pouco tempo despois quedou sen traballo.

A Comisaria Europea de Emprego a Sra. Marianne Thyssen hai un ano presentaba un informe que poñía de releve que durante a crise económica entre o 2008 e o 2014 destruíronse un total de 6,7 millóns de postos de traballo na Unión Europea, a maioría do emprego perdeuse en España, 3,4 millóns de postos de traballo, o meu ex-alumno sumouse a esas cifras de paro e sobre todo a esas cifras de paro xuvenil, dous de cada dez europeos menores de 25 anos non teñen traballo, a taxa galega de desemprego nas persoas entre 15 e 24 anos sitúase no 48,5% e todas estas cifras tendo en conta o descenso que experimentou a poboación xuvenil residente en España, que minguou en máis de 1,5 millóns de persoas dende o 2008, principalmente por un descenso demográfico e tamén pola emigración de moitos destes mozos ao estranxeiro.

Hai uns meses un informe da OCDE dicía que España sería o país no que máis crecerá o emprego, pero facía fincapé en lembrarnos que a calidade do emprego que se crea non só non é óptima no presente, senón que de non mellorar pode condicionar o futuro laboral de toda unha xeración. A OCDE alerta que sen emprego xuvenil de calidade a precariedade farase crónica, ó mesmo tempo o mercado esixe cada día máis competencias e maior cualificación, e para acadala é precisa unha formación de calidade pero o informe, datos e cifras do curso 15-16 sitúa no 4,19% do PIB excluídos os capítulos financeiros, o gasto de educación no 2015 e o

4,16% o do ano 2014, son as porcentaxes máis baixas dende o ano 95. O gasto público en Educación retrocede a niveis de hai máis de 20 anos.

As empresas necesitan traballadores capaces non só de poñer en práctica os coñecementos adquiridos, senón de adaptarse aos cambios que a nosa cidade experimenta, satisfacer ese incremento na demanda de traballadores cualificados e competentes constitúe o gran reto da formación profesional e na actualidade non hai suficiente oferta de graos formativos, hai ciclos en Vigo nos que entra un alumno de cada tres que o solicita.

Dada a importancia económica e industrial da nosa cidade, entre Vigo e a súa área de influencia debería haber tódalas especialidades e a suficiente oferta naquelas que puideran ser máis demándadas no tecido produtivo da comarca, debería comezarse co establecemento dun mapa de titulacións negociado no Consello Galego de Formación Profesional, que deseñe unha oferta axeitada ás necesidades reais da sociedade galega que tería en conta a demanda existente, imprescindible a potencialidade do investimento na formación profesional e a elaboración dunha memoria económica que permita coñecer a situación real dos centros, as súas necesidades e o orzamento preciso para desenvolver o xeito as ensinanzas, dotar aos centros de recursos materias suficientes para o desenvolvemento das súas funcións. Pero o Orzamento galego do 2016 do Partido Popular para as reparacións, ampliacións e melloras dos centros no ensino secundario e Formación Profesional só se destinan 1,2 millóns, o Orzamento baixou un 6%, esta partida xa decrecera tamén no 2014 nun 17%, por certo en cambio nos concertos co ensino privado incluíndo os centros que segregan alumnado por razón de xénero na Formación Profesional, o Orzamento é de 14,3 millóns o que supón un incremento do 15,5%.

Por todo isto, instamos á Consellería de Educación e á Xunta de Galicia a que aumente significativamente a oferta de ciclos en Formación Profesional no próximo curso 2016-2017.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: A pesares de que o noso grupo está a favor de instar á Consellería da Xunta de Galicia para que incremente considerablemente a oferta de ciclos de formación profesional nos seus dous niveis a partires do curso 2016-2017, o certo é que as razóns que esgrime o Partido Socialista parécennos insuficientes e non teñen en conta a raíz central das causas.

A Xunta de Galicia esquece certos ciclos que son inoperantes para o sistema neoliberal en que se insire o mercado laboral, non hai beneficios na explotación de mozos/as que realiza un ciclo medio ou superior en linguaxe de signos por exemplo, nin tampouco son rendibles as Artes e as Humanidades para este sistema e para o Goberno do Partido Popular en Galicia e no Estado, proba disto é a actual Lei de Educación que aplica a sentenza de morte ás Humanidades fronte as ciencias experimentais, máis beneficiosos ou importantes para a sociedade segundo o criterio de quen dirixe a educación, os bancos e as grande multinacionais.

As Artes e as Humanidades incitan ao estudo do espírito humano, ó fomento da mente crítica e da persoa que cuestiona o establecido, o estado actual das cousas, este tipo de persoas que non segue unha serie de valores e crenzas instaurados na cidade como verdade única oficial, son molestas para o sistema porque critican os seus alicerces. Ciclos destinados a que rapaces/as sexan máquinas que obedezan ás imposicións sutís que a través da educación ordena a clase dominante, máis hai que ter claro unha cousa, non se trata dun problema do Partido Popular ou do Partido Socialista, trátase dun problema dun sistema inxusto no que vivimos e que garante tanto un como outro partido.

Por iso que oferta si, pero coa firme vontade de corrixir as causas deste ensino denigrante e feito para a explotación das empresas, así como o Plan Bolonia impuxo os horarios e eliminou as carreiras e obrigou ao estudantado a estudar o que querían os bancos como o Santander, os ciclos de formación profesional están concibidos como un fraude para o alumnado, pois o seu desenvolvemento profesional está suxeito ao interese de empresas alleas que explotan a man de obra nova, aplicando rigorosamente a reforma laboral da precariedade, o salario da miseria e a flexibilidade. Estas son as causas que de raíz crean unha situación sustentable no ensino, pero como conscientes de que este problema é intrínseco a un cambio radical na Lei da Educación pero tamén nos métodos e valores da sociedade, mentres este debate non interese aos medios de comunicación é o noso deber votar a favor de que os mozos/as de Vigo poidan optar a máis cursos cunha oferta ampla, por iso votaremos a favor da moción.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: En primeiro lugar habería que dicir que Vigo é unha das poucas cidades de Galicia que ten dous centros de Formación Profesional

integrados que son Manuel Antonio e Valentín Paz Andrade, o Manuel Antonio precisamente gracias ao empeño deste grupo municipal do Partido Popular de Vigo na anterior lexislatura que xunto á insistencia da necesidade de conseguir o grado superior no IES audiovisual, conseguimos ámbalas cousas e seguimos traballando nesta liña, e non deixamos ademais de por empeño e saber no eido da importancia que ten e conscientes de que a Formación Profesional é moi importante nesta cidade.

Vostedes presentan esta moción sen datos concretos, apelando aos datos do paro que foron os máis elevados cando o PSOE gobernaba, pero seguramente para apuntarse o tanto, do que ben que se atopa nestes momentos o sistema e a liña na que traballa Educación na Formación Profesional en Vigo e no resto de Galicia, con centros especializados no sectores nos que as industrias próximas demandan profesionais para a súa incorporación ao mercado laboral, temos como exemplo o Politécnico de Vigo que leva anos traballando onde saen os mellores profesionais demandados por Citroën, e polas empresas auxiliares da automoción, tanto os formadores como o alumnado son profesionais dunha alta calidade, porque se hai algo que pola Consellería de Educación leva traballando e está apostando nestas últimas lexislaturas do Partido Popular é a FP e non hai máis que darlle un repaso aos datos. Nos últimos cinco anos a matrícula nos centros de Galicia que imparten FP tense incrementado un 48,4%, grazas á multiplicación de prazas en centros públicos, un 49,5% máis que no curso 2008-2009 e grazas ao reforzo da rede de centros integrados de FP. Ademais hoxe en Galicia hai 113 ciclos autorizados máis en centros públicos dos que había hai cinco anos e 19 centros integrados de FP dependentes da Consellería de Educación, nove máis que no período 2008-2009 cando vostedes o Partido Socialista e o Bipartito gobernaban na Xunta de Galicia. Educación ofertou preto de 28.500 prazas de primeiro curso en ciclos formativos para este ano académico 2015-2016 o que supón un incremento moi significativo respecto das ofertadas no 2008 e 2009 como dixen antes.

Con esta oferta garántese a cobertura da demanda que os alumnos fan destas ensinanzas que nos últimos anos aumentaron considerablemente a súa matrícula, isto non quere dicir que non se sega traballando e que haxa demanda e que a educación sega nesta liña, todo o contrario, estes datos animan a seguir neste camiño porque estamos a ver que as cousas están a facerse ben, ademais estarán

comigo en que non sería lóxico, nin eficiente, nin responsable aumentar as prazas naqueles determinados ciclos que teñen elevada demanda de acceso pero non saída profesional, o que pasou no que vostede apelaba ao principio, provocando unha saturación nas diferentes promocións que non atopen despois emprego. É interesante facer a formación en Galicia para que os alumnos atopen despois emprego tamén en Galicia e preto de onde están a estudar.

Apóstase por tanto pola formación ao longo da vida como forma de abrir portas a novas oportunidades no mercado laboral, pasou por exemplo no sector da construción, acceso de adultos para que poidan mellorar a súa formación e poder acceder a outros postos e outros sectores laborais e os ciclos formativos aumentan a súa oferta modular, insisto, para adultos, iso supón un acceso máis flexible ás ensinanzas e sobre todo a través de dúas novas ofertas formativas de FP implantadas nesta lexislatura en Galicia que son a FP dual e a FP a distancia. O Valor diferencial da FP dual radica na combinación de formación curricular con traballo remunerado na empresa, é dicir, o redor do 48% de dous cursos de duran os ciclos, no que ademais o alumnado recibe formación complementaria establecida no currículo formativo correspondente, co fin de reforzar a súa preparación e mellorar a súa empregabilidade. Na provincia de Pontevedra por exemplo, no Carlos Oroza en Pontevedra e no Manuel Antonio en Vigo están xa a desenvolver con éxito este ciclo grazas a un convenio coa Federación Provincial de Empresarios de Hostalería de Pontevedra, con ciclos medios de restauración e cociña respectivamente, reciben prácticas remuneradas e formación, polo tanto iso é un incentivo tamén para que a formación sexa máis rica e ademais estean máis incentivados os alumnos que estudan neses grado de FP.

Nos imos absternos porque cremos que se está a traballar ben nesta liña, que se fan falla novas prazas de FP, Educación atenderá claramente a esas necesidades pero dun xeito ordenado, dun xeito coherente e sensato radicando como dicía un pouco coordinando coas industrias nas que os Centros de FP están situados e nese caso podemos dicir ademais que conseguimos por fin que neste Pleno municipal pedímolos por unanimidade que o IES audiovisual teña ámbolos graos e conseguímolos porque Educación está atento, está receptivo ás peticións e ás demandas de Vigo.

SRA. ALONSO SÚAREZ: Señores concelleiros de Marea de Vigo, a Formación Profesional ao longo da vida, a inicial, e ao longo da vida é un dereito da sociedade é especialmente dos traballadores/as, pero tamén é un requisito imprescindible dotarnos dun tecido produtivo eficiente, competitivo, sostible e respectuoso co medio ambiente, iso é o fundamental da Formación Profesional, é verdade que aumentou nestes últimos anos o número de alumnos que se matriculan en Formación Profesional, porque non teñen outro sitio onde ir e porque non atopan traballo, esa é a resposta, buscan outra formación porque non atopan traballo. Un informe de Eurostat revela tamén cal é a porcentaxe de mozos entre 18 e 24 anos que nin estuda nin traballa, en Galicia está no 18,4%, esa é realidade.

España, Galicia e Vigo están aínda lonxe de alcanzar a cifra de estudantes matriculados en FP necesarios para satisfacer a demanda laboral que se experimentará, as previsións do Goberno apuntan a que no ano 2020 un 50% da poboación activa deberá alcanzar un nivel medio de cualificación e ata cando imos esperar para formalos? A cando, ao 2020? Un goberno que adica un pouco máis do 4% do PIB a Educación, nos países nórdicos o que se adica á educación supera o 7% do PIB, un Goberno que non foi capaz de crear un marco educativo estable, ao contrario, propuxo a sétima lei educativa sen ningún consenso, e que non valora sobre todo o traballo dos profesores cos recortes de salario, de aumento de ratio de alumnos, de desaparición da taxa de reposición de xubilacións, de ausencia de oposicións e unha lei feita as súas costas, e un goberno que non lle preocupa nin a educación nin o futuro dos seus cidadáns. A FP necesita investimentos, e non se poden facer as cousas á carreira, non se poden implantar novas formacións profesionais sen contar nin cos centros educativos, nin co profesorado, as cousas hai que facelas ben, por iso é importante e por iso o pedimos agora, porque para que esa oferta educativa estea no curso 2016-2017 hai que comezar a traballar xa porque tería que saír en maio do 2016, poñámonos a traballar.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz,

Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e sete abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.12.2015 (Rex. Nº 1296/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

#### **6.- ASUNTOS OU MOCIÓNS URXENTES.**

Non houbo.

### **PARTE DE CONTROL**

#### **1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.**

Non houbo

#### **2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non houbo

#### **3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

Non se realizaron.



#### **4.- MOCIÓNS.**

##### **4.1(259).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO Á CORPORACIÓN MUNICIPAL A GARANTIR QUE O PERSOAL DOS APARCADOIROS DA PORTA DO SOL E PRAZA DE PORTUGAL SEXAN SUBROGADOS EN OBRIGAS E DEREITOS. REXISTRO PLENO 1291/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de decembro de 2015, número 1291/1101, o concelleiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

Despois de deixar nunha situación de incerteza as sete familias das e dos traballadores do aparcadoiro da Porta do Sol o pasado 1 de outubro, cando atoparon pechada a porta do seu centro de traballo, atopámonos co cadro de persoal do aparcadoiro da praza de Portugal na mesma situación.

A empresa, tal e como a lexislación vixente indica no convenio colectivo de aplicación e no estatuto dos traballadores, en ambos casos, entregou a documentación referente ó cadro de persoal á entidade responsable de asumir o mesmo, e dicir, o Concello de Vigo; que fixo caso omiso das súas obrigas; agravando así a problemática causada a este colectivo ó non facerse cargo das e dos traballadores dos aparcadoiros.

Non se podía facer peor. No caso da Porta do Sol, rematada a prórroga da concesionaria, este concello non tiña nin aberto o proceso para a nova adxudicación, e no caso da Praza de Portugal, aínda se está agora no proceso de adxudicación, cando, neste caso, as prórrogas foron múltiples, tendo máis que tempo suficiente para prever esta situación.

E que as dimensións do problema non son pequenas, posto que, partindo da base de que este concello a través da concelleira responsable da área, Ángeles Marra, leu algunha vez o convenio colectivo aplicado ás e ós traballadores dos servizos que xestiona a súa área, é moi grave que, sendo conscientes do seu texto referente os prazos para o dereito á subrogación, estén xogando deste xeito coa vida destas persoas. Esperamos que non o utilicen como excusa a hora de facerse responsables; Posto que actualmente este Concello atópase demandado no xulgado do social pola problemática exposta.

Polo exposto, en base o convenio colectivo de aplicación, o artigo 44 do ET, o acordo plenario do 12 de xuño de 1996 onde se aprobou por unanimidade a imposición da subrogación en dereitos e obrigas coas novas adxudicatarias dos servizos municipais, a resposta da concelleira responsable á pregunta que lle fixo este grupo municipal no pasado pleno, e considerando que as e os traballadores destes servizos non deben ser quen de asumir os erros e malas xestións das

entidades públicas responsables, ademáis de considerar que a solución a este problema é unha cuestión máis de vontades que de lexislacións aplicables, instamos a esta Corporación Municipal a adoptar o seguinte

#### ACORDO

Asúmase e garántase por parte desta Corporación Municipal que os cadros de persoal dos aparcadoiros da Porta do Sol e Praza de Portugal serán subrogados en obrigas e dereitos, conservando o adquirido durante os anos nos que levan traballando nos servizos, con independencia do tempo que se tarde nas novas adxudicacións en ambos aparcadoiros.”

Con data 21 de decembro de 2015, a Comisión Informativa de Fomento, Limpeza e Contratación quedou enterada da moción.

#### DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Este non é un tema novo que trasladamos a este grupo a través dalgunha pregunta, ante unha situación que roza o esperpento se non fora porque estamos falando de familias, de postos de traballo e dunha situación de absoluta indefensión e de desaparición política e orgánica dun Concello nunha responsabilidade dun servizo público, externalizado e dunha concesionaria que remata a súa función. Acabamos de recibir esta emenda que logo explicaremos que creo que recolle gran parte do que está intentando facer nesta situación. En primeiro lugar, a responsabilidade da subrogación do persoal que desempeñaba as súas funcións, tanto no aparcadoiro da Porto do Sol como no da Praza de Portugal, é unha responsabilidade non da empresa senón dun Concello, e non o é exclusivamente o Convenio Colectivo dos traballadores que claramente di que no momento, nos supostos de finalización, perda, rescisión, concesión, rescate ou reversión dunha contrata así como respecto de calquera outra figura ou modalidade que supoña a substitución entre entidades, persoas físicas e xurídicas que levan a cabo a actividade de que se trata, os traballadores da empresa saínte pasaran a adscribirse á nova empresa ou á entidade pública que vaia a realizar os servizos, respectando esta os dereitos e obrigas que gocen na empresa substituída, isto é un convenio colectivo, que aplica a unha serie de traballadores e polo tanto no momento en que eses traballadores acaba unha concesión ou desaparece o

servizo dunha empresa, a responsabilidade neste caso é do Concello de Vigo, primeiro, en facer cumprir un acordo plenario do 12 de outubro do ano 1996 que fala claramente de que a imposición da subrogación en dereitos e obrigas en todos aqueles procesos de substitución de empresas concesionarias, ven sexa por anulación, por rescate ou por que remata neste caso o contrato concesional. O que ten pasado aquí é que con nocturnidade e aleivosía se deixa caducar esa concesión e vaixe a un baleiro legal ou baleiro de información con respecto aos traballadores, e agora se nos pasa unha emenda que podería ser asumida por este grupo que fala abertamente de que sempre que se cumpra a legalidade da normativa do convenio colectivo aproba que os cadros de persoal do aparcadoiro da Porta do Sol e da Praza de Portugal sexan subrogadas nas novas adxudicación en ambos aparcadoiros, pero o que se está intentando tratar tamén é de impoñer algo que figura no convenio, e que son eses tres meses dende que deixan de realizar a súa actividade que teñen que ser subrogados, deixamos pasar eses meses e polo tanto dicimos que como pasaron tres meses ese persoal xa non tería que ser subrogado. Polo tanto, vemos que hai unha certa tentativa de que eses traballadores perdan ese dereito que está recollido no convenio, nun acordo plenario e no propio Estatuto dos Traballadores, polo tanto, non entendemos esta emenda se non é buscar que se cumpra ese requisito legal deses tres meses de prazo, que pasen eses tres meses, nalgúns casos, no caso da praza da Porto do Sol, dende o 1 de outubro practicamente xa teríamos cumpridos eses tres meses e polo tanto se entendería ou se buscaría entender que eses traballadores perden ese dereito. Nós seguimos demandando a incorporación con tódolos dereitos, categorías e salarios de todos e cada un dos traballadores que figuraban nos servizos dos dous emprazamentos de aparcadoiro, non queda outra, sería incumprir para nós o convenio colectivo, a empresa puxo no rexistro do Concello a relación de traballadores dentro do que son as atribucións que requiría a empresa, díxolle rematou o servizo, estes son os traballadores, nalgún caso o Concello asumiu a xestión directa como na Praza de Portugal nalgúns meses e o que estamos a pedir é a corresponsabilidade do Concello nesta situación. Mal asunto se para esta situación un concello que se di que está ao carón dos traballadores non da ningún tipo de solución ou polo menos está a buscar a solución que empregaría seguramente a patronal que é buscar os puntos máis conflictivos do convenio para

que os traballadores perdan dereitos.

Polo tanto, pedimos que se subroguen e que haxa un acordo plenario de que eses traballadores non vexan máis de pasar o tempo sen que haxa unha solución, nós non imos aceptar esta emenda precisamente porque non se clarexa que é o que se ten que evitar é precisamente que se perdan eses dereitos polo paso do tempo, polo tanto imos pedir que se voto esta moción coa literalidade e integridade do texto presentado.

SR. GAGO BUGARÍN: Ata en tres ocasións, durante este corto mandato e outras tantas previas na anterior, este grupo municipal denunciou e demandou un cambio nas decisións que se estaban levando a cabo en relación a ambos aparcadoiros céntricos da cidade, na última ocasión, despois de varios roldas de prensa, presentamos unha moción onde precisamente se lles preguntaba cal era a actitude que ía adoptar este goberno municipal para solventar a situación na que se viron inmersos máis dunha ducia de traballadores que están hoxe aquí e familias abocadas ao paro pola xestión que vostedes estaban facendo no traspaso e a finalización da concesión, evidentemente esa pregunta non tivo resposta e hoxe están aquí, demanda por medio, a ver se este goberno municipal se digna a buscar unha solución que propoñen mediante unha emenda e que nós tamén temos grandes dúbidas de que isto se poida acoller. Pero é que ademais este tema ten tela, e ten tela porque aquí houbo unha concatenación continuada de erros, de decisións erróneas que á vista xa destes catro anos, comprendemos este grupo municipal que foron adoptadas a propósito porque vostedes sabían que estes aparcadoiros cumprían dúas características determinantes, en primeiro lugar, que eran os dous aparcadoiros máis lonxevos da cidade o que permitiría, outorgaba a posibilidade de producir un cambio na xestión unha vez saneada a débeda coa empresa concesionaria e construtora, de poder xestionar municipalmente estes aparcadoiros e que iso podería reducir a tarifa en dúas zonas sensibles da cidade e marcar unha pauta de cara aos prezos das próximas finalizacións das concesións; e en segundo lugar, porque todos sabemos que estes aparcadoiros son precisamente os máis singulares e importantes da zona centro do casco urbano de cidade porque están en dúas zonas onde se carece de aparcadoiro en superficie e privado de vivendas unifamiliares antigas ou de escasa altura. Eu o que me pregunto e o que

se preguntan os vigueses Sr. Alcalde, é que lles pasou pola cabeza hai catro ou cinco anos cando sabían que estas concesións estaban a punto de chegar ao seu fin e en vez de quitar unha nova concesión ou en vez de aproveitar para municipalizar esa xestión, vostedes o que fixeron foi prorrogar primeiro seis meses e logo un ano ata que xa a legalidade despois de catro anos non permitía prorrogar máis eses contratos e ao final tiveron que pechar os dous simultaneamente co problema e a problemática que estamos vendo actualmente. Por certo pecharon sen previo aviso aos traballadores que o denunciaron e para os usuarios que chegaron un bo día que quixeron traballar ou aparcar o coche e atopáronse co enreixado baixado de repente e sen previo aviso.

Ademais de todo isto, porque xa o falamos e non o vamos a facer hoxe, da falla absoluta na esixencia e no control durante todos estes anos, na obriga de adecuar por parte da concesionaria e a que xestionaba a legalidade vixente das instalacións dos aparcadoiros, tampouco imos falar da solución temporal que lle deron de dous meses aos abonados, dándolles unha solución temporal de dous meses noutros aparcadoiros da zona e tampouco imos falar da falla evidente demandada de aparcadoiros e residentes, etc.

Pero o que si non imos a pasar por alto e é o motivo desta moción e que estas actuacións derivan en algo máis que a molestia e a falla de privatización de aparcadoiros para residentes e usuarios e é que froito dese desleixo consciente na licitación da nova concesión, hoxe temos aquí 15 ou 16 traballadores que se ven abocados ao paro ao non poder acollerse ao artigo 44 do Estatuto dos Traballadores que non obriga á nova empresa concesionaria a subrogar o persoal anterior, que nalgúns casos levaban máis de 20 anos traballando no sector, nestes aparcadoiros e gustaríanos, e remato, agora que teñen a oportunidade de forma efectiva e non mediante unha emenda correndo, cinco minutos antes de poder votar esta moción, pos que lles dean unha solución a estas 15 ou 16 persoas, familias que se ven neste situación laboral por culpa de ter actuado negligentemente, porque está claro e isto se que está claro, e todos nos rimos moito cando falamos da dinoseta e que vai ter unha cría e todo iso, pero como dicía o poeta Juvenal o circo divirte moito, é certo que divirte moito ata cando falla o pan e cando se lle quita o pan mediante unha decisión absurda entón xa non nos fai tanta gracia, e iso é o que lles pasa a estas familias que piden e claman unha solución ante a nefasta xestión que fixeron

vostedes de forma consciente.

SRA. MARRA DOMÍNGUEZ: Sr. Pérez, a verdade é que eu creo que xa lle respondín a unha cuestión relacionada con este tema, que eu considero e esta Corporación considera, en concreto este Goberno considera que é de suma importancia e contesteille moi claramente, díxenlle que si, pero volvo agora a detallar cadaún dos pasos o por que lle dixen que si, é dicir, que o noso compromiso e así o vimos manifestando e na pregunta anterior así o manifestei, é o de garantir dentro da estrita legalidade os postos de traballo nestas dúas concesionarias.

Permítame que o detalle, como vostede sabe e eu creo que xa se lle comentou aquí o descoñecemento que ten dalgunha cuestións relacionadas coa contratación, pero como vostedes sabe no propio anexo do prego de condicións administrativas inclúese, de acordo co artigo 120 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, a relación de traballadores que actualmente prestan o servizo por se procedese conforme coa lexislación laboral a subrogación do persoal. Polo tanto no propio prego xa se recolle esas condicións pero incluso imos máis alá porque os traballadores que están aquí presentes moitos deles xa tiveron contacto con eles e explíquelles detalladamente cal é a situación na que se atopan, polo tanto sería conveniente que se deixaran de demagogia e de asustar ás persoas, de feito este Concello e en concreto esta concelleira leva traballando xa durante moito tempo, dende o primeiro momento para dar unha resposta e unha solución non só aos traballadores para que tamén canto antes se volva a adxudicar a unha nova concesionaria estes dous aparcadoiros. Mostra deste traballo, desta vontade, deste compromiso e responsabilidade que asume esta concelleira é que neste momento propuxemos unha emenda "in voce" na que "garantimos que esta Corporación e sempre que se dea cumprimento da legalidade da normativa do convenio colectivo de aplicación deste sector, aprobe que os cadros de persoal do aparcadoiro da Porta do Sol e de Praza de Portugal sexan subrogados nas novas adxudicacións en ambos aparcadoiros". Pero incluso quero ir pouco máis adiante, porque tamén quero e quero que se incorpore con independencia do tempo que tarden as adxudicacións porque así o entendemos tamén desde esta Corporación.

Polo tanto, o noso compromiso é máximo e a nosa responsabilidade tamén para garantir os postos de traballo e para que tamén o maior, en canto se cumpran os

prazos, tamén se poidan quitar novamente a adxudicación destes novos aparcadoiros, pero ademais garantindo que estes novos aparcadoiros se que agora recollan tódalas condicións que son necesarias que se cumpran en canto á accesibilidade.

Polo tanto o noso traballo e a nosa vontade é seguir a traballar para dar unha resposta a esta situación e así o viñemos a facer dende o primeiro momento que asumimos esta concellería.

Como vostede ben sabe e permítame que recolla algúns dos pasos que se adoptaron, porque Sr. Gago, non só dende a previsión da finalización da concesión, senón que este goberno ven traballando dende hai moito tempo na posta a punto e na remodelación deste aparcadoiros, unha reformas que reitero, son necesarias para adaptalos ás novas necesidades actuais de accesibilidade. Iniciamos os trámites para unha nova adxudicación, dando inicio a un novo expediente axustado á normativa en vigor, reguladora das contratacións administrativas, é dicir, sempre en conformidade co disposto no Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para a adxudicación destas concesións de servizo público de aparcadoiro público, tanto da Praza de Portugal como tamén de Porta do Sol.

Polo tanto, máxima legalidade á hora de cumprir o contrato público que neste caso se corresponde con estes aparcadoiros pero tamén á hora de cumprir co convenio colectivo deste sector.

Polo tanto, estean tranquilos que nós pola nosa banda seguiremos a traballar dilixentemente para canto antes dar unha solución.

SR. PÉREZ CORREA: Nós témonos que reiterar precisamente por unha cuestión, é que o convenio colectivo inclúe no artigo 10 unha cousa que a nós nos preocupa polo tempo de indefensión deses traballadores e que o dereito de subrogación se produce aos traballadores e cito literalmente, “aos traballadores en activo que realicen o seu traballo na contrata cunha antigüidade mínima dos tres últimos meses anteriores a primeira convocatoria oficial”, é dicir, se deixamos dilatar o tempo efectivamente se cumpriría a lei, e se cumpriría a lei que pola dilación do tempo eses traballadores perderían o dereito de subrogación. Nós estamos dispostos a que se diga publicamente se non se vai a exercer ese artigo do

convenio colectivo dos traballadores de aparcadoiros, por que? Porque se ao mellor o que se está a facer é deixar que pasen eses tres meses para que eses traballadores perdan o dereito, claro que se está a cumprir a lei porque os que somos delegados sindicais, os que sabemos algo de negociación colectiva, nos convenios tamén existe a lei e existe a trampa, porque nos convenios moitas veces inclúen este tipo de cláusulas, hai dilación administrativa para que se perdan dereitos como pode ser neste caso un dereito claro de subrogación non só polo que ten que ver co convenio senón tamén por ese acordo plenario que nós poñemos enriba da mesa e polo que soe ser a practica habitual nas concesións públicas das administracións públicas. Polo tanto, o que queremos é que se nos diga se se vai a cumprir ou non a subrogación dese persoal, que efectivamente a empresa cumpriu coa legalidade, puxo os nomes e apelidos, categorías laborais e os salarios a disposición do concello e esperamos que se cumpran, que non dentro dun mes ou dous meses nos atopemos cun informe xurídico do Concello di que eses traballadores non teñen dereito á subrogación porque xa pasaron eses famosos tres meses, e sería así e estaremos dispostos a asumir esa emenda que propón o Partido Socialista se se di que non se vai utilizar o artigo 10 do convenio colectivo, e se iso se introduce na emenda nós non teriamos ningún problema en incorporalo porque non é a primeira vez que pasa, e que polo tanto nós tamén somos cans vellos de saber como se utiliza moitas veces o convenio para evitar eses dereitos. Se se introduce esa modificación de non aplicar eses tres meses estaríamos dispostos a aceptar esa emenda e que se votara neste Pleno.

SRA. MARRA DOMÍNGUEZ: Unicamente para matizar, é dicir, eu creo.

PRESIDENCIA: Nada que matizar, o debate está pechado, si ou non. Trátase dunha petición, dunha emenda transaccional que lle propón o Grupo de Marea de Vigo dicindo que se engada que non se vai a utilizar ese artigo e que polo tanto que teñen a garantía aínda que pasen máis de tres meses de que van ser subrogados.

SRA. MARRA DOMÍNGUEZ: Con independencia do tempo que tarde a adxudicación, si.



PRESIDENCIA: Facemos polo tanto unha proposta “in voce” que diga “con independencia do tempo transcorrido dende o momento da licitación ata o momento da adxudicación”. Votamos por tanto esta emenda de substitución con esta emenda oral na que se garante que o prazo temporal non vai ser causa de extinción do dereito de subrogación aos dous aparcadoiros.

No transcurso do debate, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Marra Domínguez, presenta unha emenda de substitución co seguinte texto:

Esta Corporación municipal, e sempre que se dea o cumprimento da legalidade e da normativa do convenio colectivo de aplicación deste sector, aproba os cadros de persoal dos aparcadoiros da Porta do Sol e da Praza de Portugal sexan subrogados nas novas adxudicacións en ambos aparcadoiros.

Engádese á emenda unha “in voce” co seguinte texto:

“...con independencia do tempo transcorrido dende o momento da licitación ata o momento da adxudicación.”

*Ao seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, Sr. Pérez Correa, a Presidencia somete a votación a anterior emenda.*

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, acórdase aceptar a emenda de engádeda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 16.12.2015 (Rex. Nº 1291/1101), polo concelleiro do grupo municipal de Marea de Vigo, Sr. Pérez Correa, coa emenda “in voce” presentada pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Marra Domínguez, quedando o seguinte texto:

Asúmase e garántase por parte desta Corporación Municipal que os cadros de persoal dos aparcadoiros da Porta do Sol e Praza de Portugal serán subrogados en obrigas e dereitos, conservando o adquirido durante os anos nos que levan traballando nos servizos, con independencia do tempo que se tarde nas novas adjudicacións en ambos aparcadoiros, non utilizándose o artigo 10 do Convenio Colectivo.

**4.2(260).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A PARALIZACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN CO AUDITORIO MAR DE VIGO DE ALUGUER DE SALAS PARA A INSTALACIÓN DA UNED E SE CONVOQUE CONCURSO PÚBLICO. REXISTRO PLENO 1292/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de decembro de 2015, número 1292/1101, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosquera, formula a seguinte,

**MOCIÓN**

“O goberno municipal ven de acordar nunha recente xunta de goberno o pago á concesionaria do Auditorio Mar de Vigo de 45.263,35 euros ao mes (657.223,84 euros ao ano), en concepto do aluguer de varias salas ubicadas na devandita instalación. O contrato ten, ademais, unha duración de 20 anos, polo que compromete un gasto mínimo de 13,1 millóns de euros do erario público deste Concello ata o ano 2035.

Segundo o meso acordo, estas salas serán cedidas á UNED para o emprazamento das aulas que estarán a disposición dos alumnos da Universidade a Distancia nos vindeiros cursos académicos.

O Concello non abriu ningún concurso público para explorar diferentes posibilidades de ubicación na cidade, e mesmo buscar diferentes opcións de prezo, como parece axeitado ao tipo de contrato e, sobre todo, á cantidade económica da que se está a falar.

Pola contra, o beneficiario desta importante inversión pública é a devandita concesionaria do Auditorio, á que o goberno municipal xa destinou algo máis de cinco millóns de euros debido a situación de quebra técnica na que se atopaba hai soamente dous anos e que, a día de hoxe, que se saiba, non tería mellorado o suficiente como para considerar que non está aínda baixo serio risco de continuidade. É doado pensar que esta nova e cuantiosa aportación económica do Concello tería como finalidade última axudar a mellorar a solvencia desta empresa

con cargo aos cartos de todos os vigueses.

Parécenos altamente cuestionable o tipo de acordo adoptado e a fórmula utilizada para a contratación, que podería vulnerar a legalidade vixente e constituír un serio prexuízo para as arcas municipais.

Polo anteriormente exposto, instamos ao Pleno da Corporación á adopción do seguinte

#### ACORDO:

Instar a paralizar de xeito inmediato o expediente e convocar un concurso público como entendemos que corresponde a un contrato destas características, sometendo así esta actuación ao correspondente trámite de concorrencia pública que lle garantiría a esta administración pública, que é a e todos os vigueses, a posibilidade de obter mellores prezos polo mesmo servizo.”

Con data 21 de decembro de 2015, a Comisión Informativa de Fomento, Limpeza e Contratación quedou enterada da moción.

#### DEBATE:

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Hoxe traemos unha moción de moita importancia porque imos falar do Auditorio Mar de Vigo, concretamente da concesionaria do Auditorio de Mar de Vigo, por un caso de gravidade porque é unha decisión unilateral deste goberno que consideramos cuestionable. Trátase dunha fórmula de contratación empregada que podería constituír un serio prexuízo para as arcas municipais, xa que o hipoteca por 20 anos sen intentar se queira buscar outra opción.

O Goberno municipal ven de acordar nunha recente Xunta de Goberno Local o pago á concesionaria do Auditorio de Mar de Vigo, de 45.200 euros aos mes, 658.000 euros ao ano e 2000 euros ao día durante vinte anos en concepto de aluguer de varias salas, o contrato ten ademais unha duración de 20 anos polo que compromete un gasto mínimo de 13 millóns de euros deste Concello ata o 2035. Esta sala sería para o uso da UNED que neste caso serve como pretexto para facer este contrato pola porta de atrás e intentar soste-lo á concesionaria do Auditorio sen resolver realmente os problemas que ten este espazo, é facer un pago disfrazado á concesionaria e así disfrazado, nin máis nin menos. Porque non hai na cidade lugares máis económicos para o erario público, unha contía de 13 millóns euros a

20 anos non merece un concurso público, nos cremos que o Concello debe abrir ese concurso e damos a oportunidade neste Pleno con esta moción para explorar diferentes posibilidades de situación na cidade e mesmo buscar diferentes opcións de prezos, como aparece axeitado ao tipo de contrato e sobre todo á cantidade económica da que estamos a falar.

Ademais da gravidade de tomar esta decisión unilateral sen convocar ese concurso o feito é moi grave porque é consecuencia precisamente do primeiro que é entregarlle os cartos á concesionaria.

A concesionaria do Auditorio beneficiaria do aluguer, leva recibido xa 5 millóns de euros por unha situación de quebra técnica hai dous anos, e de momento que saibamos non tería mellorado o suficiente como para considerar que non está aínda en serio risco de continuidade porque iso sen un concurso público non temos maneira de comprobalo.

A calquera persoa cun pouco sentido común lévalle a pensar que a nova cuantiosa achega do Concello ten como finalidade última axudar a mellorar a solvencia desa empresa con cargo aos cartos de tódolos vigueses por iso nós, insisto, damos unha oportunidade con esta moción que é “instar a paralizar de xeito inmediato o expediente e convocar un concurso público como entendemos que corresponde a un contrato destas características sometendo así esta actuación ao correspondente trámite de concorrencia pública que lle garantiría a esta administración pública que é a de tódolos vigueses a posibilidade de obter mellores prezos polo mesmo servizo”.

Como xa ten dito en varias ocasións a nosa voceira e apoiamos sempre dende o Partido Popular, este Goberno Municipal goberna para as concesionarias e non para dos vigueses, acabamos de saír agora mesmo dunha moción referente a unha concesionaria. Parece anecdótico porque hai moitas cousas que falar en referencia ao Auditorio é un problema de cidade, teríamos que solucionalo aquí neste Pleno pero este caso é moi grave, vostedes deciden unilateralmente outorgarlle 650.000. ao ano, 2.000 euros ao día á concesionaria e case 1.000.000 euros en partida presupostaria a outra empresa que en teoría xestiona a actividade do auditorio, unha actividade cultural que ningún coñece e que non está xustificada e a que tampouco poden optar diferentes empresas que o desexen.

Este insisto é un problema de cidade, a xestión do Auditorio hai que collela con

rigor e con seriedade e este contrato unilateral, sen convocatoria de concurso público por esta contía, nós considerámolo que podería vulnerar incluso certamente a legalidade, por iso instamos a retiralo e convocar concurso público para facer ese aluguer porque ademais o Alcalde xa en varias ocasión dixo no 2013, que o Goberno Municipal non inxectaría máis cartos públicos á concesionaria, que a propia UNED estaba destinada a buscar un lugar aquí e na Cochinchina, é dicir, ten múltiples declaracións que contradín radicalmente o que acaba de facer, por iso neste momento é o de votar a favor desta moción e convocar un concurso para poder solucionar ben este problema.

SR. JÁCOME ENRIQUEZ: A verdade que a historia do Auditorio da para bastante, no seu momento cando se asinou o contrato, as viguesas/es podían ler no xornal que o Auditorio Pazo de Congressos de Vigo aspiraba a converterse en algo máis que un edificio, que quería ser un símbolo da cidade, que quería sero Guggenheim vigués, temos serias dúbidas, pero dende logo se que vai camiño senón é xa de ser un símbolo, o que pasa que é un símbolo do que non queremos, 18 millóns de euros da Xunta de Galicia, 12 millóns do Concello, achega de terreos da Autoridade Portuaria e como non o financiamento privado, que son 60 millóns a cambio da explotación.

Xa dende un principio, obra con sobre custes, que obriga a un recorte no proxecto inicial, tamén é verdade que vistos os resultados ter menos superficie comercial ou menos prazas de aparcadoiros non foi o determinante para o fracaso absoluto da xestión da concesionaria.

Difícilmente podería ser peor esta xestión, vistas as diferentes inxeccións das cartos que ten facer o Concello, 5 millóns de euros hai dous anos, medio millóns anual para a promoción cultural sen que existan actuacións concretas impostas polo Concello, e agora máis de 650.000 euros ao ano en aluguer o cal significa que obviando o rescate de 5 millóns esta institución aporta máis dun millón de euros ao ano, estas cantidades deberían facernos reflexionar sobre a xestión privada destas instalacións, para que facemos estas concesións e cal é o obxectivo? Porque a eficiencia neste caso dende logo non se da.

Cando a empresa contratista presenta concurso voluntario de acredores e este concurso é aceptado pola autoridade xudicial, a obriga inmediata da administración

pública correspondente é proceder de contado á rescisión do contrato, como fórmula máis vantaxosa para preservar o interese xeral, Real Decreto Legislativo 3/2011 que precisamente citaba antes a concelleira.

Nos servizos non esenciais nos que prima o risco e ventura do contratista non hai lugar a establecer pola administración pública unha garantía financeira para os mesmos, Real Decreto 1098/2001. O Concello non ten porque equilibrar reiteradamente o balance de contas dunha empresa privada que voluntariamente fíxose cargo dunha concesión co obxectivo, lexítimo dunha empresa privada, de acadar beneficios, máis non a costa das viguesas/es, estando, e faltaría máis, de acordo en que o Concello presta a súa colaboración á UNED, parécenos imprescindible a busca das alternativas que supoñan un aforro as/os cidadáns e non optar por unha opción que o que busca, efectivamente como xa comentaba o Grupo Popular, é unha subvención encuberta a unha concesionaria que xa demostrou que é ruínoza.

Imos votar a favor do acordo do contido desta moción.

SR. PARDO ESPÍÑEIRA: Lei de bases reguladoras do réxime local, Lei de administración local de Galicia, Entidades Locais, Lei de arrendamentos urbanos, Lei de desindexación da economía española, están vostedes dicindo que estamos falando de que se contratan ou alugan espazos para UNED no Auditorio Mar de Vigo para facer unha subvención, non alúganse espazos para facer elevar as novas aulas da UNED ao Auditorio Mar Vigo. As necesidades espaciais ou de espacio definitivas no novo emprazamento da aula da UNED en Vigo, foron fixadas polos técnicos municipais do Concello de Vigo, en base aos informes emitidos pola dirección do Centro Asociado da UNED en Pontevedra, e estes informes foron realizados á vista das ensinanzas que xa se veñen impartindo nesta institución, e da implantación progresiva da titulación dos grados universitarios xa autorizados dende o ano 2014, quero lembrarlles que no ano 2014 a UNED concedeulle oito grados a Vigo, e dous novos grados autorizados pola Xunta Reitora da UNED o 13 de outubro de 2015, co cal pasamos a 13 grados, así como a oportunidade de que a sala de estudo da aula poda estar aberta a todo o estudiantado da cidade. Estamos a falar de que non estamos dando subvención encuberta, estamos falando do traslado da UNED para as necesidades dos estudantes, o que estou vendo é que

seguen vostedes poñendo problemas a que a UNED desenvolva o seu traballo en Vigo. Estamos a falar de que hai un informe, todos estes informes polo Secretario Xeral do Pleno, pola Asesoría Xurídica, polos arquitectos municipais e nestes informes o que se fixo foi pedir un informe externo para unha valoración dos espazos centrais da UNED en Vigo, este informe encargouse a unha empresa recoñecida, de prestixio e nos veu a dicir que o espacio de centralidade natural en Vigo é o Auditorio Mar de Vigo, é un espazo que cumpre con tódalas características, as necesidades non só agora para os grados que hai, para os que se concederon agora en outubro e cos que se van a pedir que se vai chegar á totalidade das carreiras e ensinanzas que comparte a UNED. Non hai outro sitio en Vigo que poida ofrecer estes servizos, hai un informe técnico que fala das necesidades da superficie dos espazos necesarios. Parece que están vostedes facendo unha moción ao Secretario Xeral do Pleno, eu realmente non os entendo pero a ningún dos grupos, cando lles convén usan os informes dos técnicos do Concello, ou “arre ou xo”, cando non lles convén non os usan, de que estamos a falar? Estamos falando do traslado á UNED para dar e garantir un servizo bo e o máis barato porque non hai outro local en Vigo para facer este traballo, para dar este traballo, para que a UNED imparta as súas ensinanzas, e o mellor local en canto á centralidade e servizos que poida ofrecer, ademais non esquezan, estamos a falar dunha gran biblioteca da cidade para todo o estudantado da cidade que é unha das demandas que está permanentemente recibindo este goberno. Era o que nos faltaba por ver, que se cuestione tamén o traballo dos técnicos municipais, do que informan, ou sexa hai un informe, fai referencia a tódalas bases, no informe o Secretario Xeral do Pleno di textualmente “imposibilitan un concurso público baixo os principios de publicidade e concorrencia, procedemento que resultaría tan inútil como innecesario nos informes que figuran o expediente”, miren sabe vostedes cal é a diferenza, din vostedes claro que o Auditorio naceu mal o goberno do Sr. Abel Caballero conseguiu que saíra adiante, sabe o que hai que preguntarse Sra. Egerique? O que hai que preguntarse agora se di que se inviste mal, pero agora invístese, quéreme vostede explicar co mesmo orzamento ou similar onde estaban os cartos nos mandatos anteriores? Onde estaban?

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: En primeiro lugar quero deixar claro que non se

escuden detrás do Secretario Xeral do Pleno, nin dos funcionarios públicos porque ningún cuestionamos neste grupo municipal o seu traballo, isto é unha decisión política, iso é o primeiro que hai que clarear e non fagan agora esta situación de emerxencia de falar dos informes municipais porque temos plena fe no traballo dos funcionarios públicos, por suposto.

Fagamos unha achega común para solucionar, aquí o problema non é a UNED, nos estamos de acordo, incluso pedímolo, o noso grupo foi o que pediu o traslado da UNED ao propio Auditorio, é a forma, a maneira de facelo.

A UNED está en Vigo e este traslado é un pretexto absoluto para inxectarlle á concesionaria 2.000 euros ao día durante 20 anos, e non hai máis, sen concurso público por suposto, porque podería ser a única opción pero é que non hai concurso e non sabemos se hai máis opcións, temos o antigo reitorado no centro de Vigo que podería cumprir as propias cuestións que necesita a UNED tal e como está situada, agora non pode ser, hai que convocar concurso público. Nos estamos con esta moción, non se dan conta, se foran sensatos e intelixentes, que estamos a darlles unha oportunidade para recuar e para facer ben as cousas porque xa pasou coa Pinacoteca e podería pasar outra vez co Auditorio, nós estamos a favor de que se solucione calquera problema relativo ao Auditorio porque cando hai erros, e moitos erros do pasado, hai que mirar cara o futuro e solucionalos entre todos, estamos de acordo en que a UNED estea en Vigo, que mellore as instalacións e que haxa moitos máis ciclos, por suposto que estamos a favor, pero é que isto é unha situación concreta dun contrato de moitos cartos sen concurso público, cremos que non é correcto e que hai que facelo doutra maneira.

Entón o que hai que facer é convocar en primeira instancia un concurso público para saber se hai outras opcións que sexan máis apropiadas e axeitadas e non hipotecar a tódolos vigueses durante 20 anos neste sentido, co aluguer máis caro da cidade.

Os informes técnicos poderían ser perfectos pero é que non é adecuado adxudicar de forma disfrazada un contrato de 13 millóns de euros a 20 anos sen convocar un concurso público por se hai outras opcións posibles, é un escándalo, poderían votar a favor e poderían convocar o concurso público e facer as cousas adecuadamente.



*(No momento da votación atópase ausente o Sr. Alcalde, presidindo o 2º tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández).*

VOTACIÓN: Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 16.12.2015 (Rex. Nº 1292/1101), pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosquera, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

**4.3(261).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO INFORME AOS SERVIZOS XURÍDICOS E A INTERVENCIÓN XERAL DAS CONSECUCIAS DA ANULACIÓN DO PLAN XERAL 2008 RESPECTO DA PRÓRROGA DA CONCESIÓN DE AQUALIA-FCC VIGO UTE. REXISTRO PLENO 1293/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de decembro de 2015, número 1293/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“No ano 2011 decídese por parte do goberno municipal, causando un grave prexuízo os cidadáns, prorrogar o contrato de concesión administrativa da

Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas por un prazo de 5 anos, con Aqualia-FCC Vigo UTE.

Un dos motivos nos que se basea a necesidade da prórroga, segundo consta no expediente, é a necesidade de que a concesionaria acometa investimentos de saneamento que estaban previstas no Plan Xeral de 2008.

Este Plan foi anulado polo Tribunal Supremo, co que un dos principais fundamentos desa prórroga desaparece, o que engade unha nova sombra de dúbida sobre a mesma.

Por este motivo, consideramos imprescindible a realización dun informe xurídico que evalúe o efecto desta anulación sobre a prórroga decidida, informe que debe ser emitido coa máxima urxencia, tendo en conta que a prórroga entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2016.

Por todo o exposto, INSTAMOS O GOBERNO MUNICIPAL a adoptar o seguinte

ACORDO:

Solicitar de forma urxente aos servizos xurídicos do Concello e da Intervención Xeral, informe sobre as consecuencias da anulación do Plan Xeral do 2008 sobre a prórroga da concesión administrativa do Servizo de Abastecemento e Saneamento, outorgada a favor de Aqualia-FCC Vigo UTE.”

Con data 19 de outubro de 2015, a Comisión Informativa de Fomento, Limpeza e Contratación quedou enterada da moción.

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: En primeiro lugar, lamentar sinceramente que unha vez máis cando se debaten as mocións presentadas polo grupo municipal do Partido Popular, mocións que teñen que ver coa cidade e con problemas da cidade, novamente o Alcalde de Vigo se ausente deste Pleno e non queira escoitar os problemas que teñen día a día os seus cidadáns, parécenos lamentable, isto estase a converter nunha costume do Alcalde, levantarse e marcharse cando se debaten as mocións que presentan os grupos municipais e neste caso o do Partido Popular. Xa nos estamos a acostumar a estas fallas de respecto, institucional dende logo non só cos grupos senón cos propios cidadáns e esperamos que se reflexione e se corrixa esa actitude que dende logo é absolutamente inxustificable.

Unha vez máis presentamos no Pleno unha moción que ten que ver cunha concesionaria, unha das principais que ten o Concello de Vigo que é a concesionaria Aqualia, de saneamento e abastecemento da auga na cidade, porque sobre o contrato de Aqualia e sobre a prórroga cada día xérase novas dúbidas e, dende logo nós o que lle pedimos ao goberno municipal é que as clarexe. Sinceramente esperamos que as clarexe e que na súa queda de intervención nos explique que é o que pasa coa prórroga porque dende logo aos vigueses impórtalles moito este contrato e impórtalles moito o que pase con este contrato, porque estamos a 12 de xaneiro do ano 2016, e seguen os vigueses cada dous meses recibindo nas súas casas e pagando puntualmente unha factura de auga, non polo consumen senón esa taxa fixa que está ademais supoñendo un esforzo tan extraordinario ás familias que menos teñen en dende logo a moitas persoas maiores que viven soas, que consumen pouca auga e que se lles obriga a pagar polo que non consumen. E eses vigueses non entenden porque coa súa factura de auga estanse pagando outras cousas, estanse pagando setos decorativos, oliveiras e demais caprichos do seu goberno municipal para adornar a cidade, e todo iso amparado nunha prórroga escura, decidida unilateralmente polo goberno municipal, polo Alcalde de Vigo agora ausente, no ano 2011 nada máis e nada menos que cinco anos antes de que vencera o prazo orixinal do contrato, pero curiosamente a xustificación desa prórroga, a fundamental, está baseado nunha serie de investimentos que tiña que acometer a concesionaria e como a concesionaria ten que saír gañando para o goberno municipal sempre, e Aqualia ten que seguir gañando, pois eses investimentos que estaban derivados e xustificados no Plan Xeral do ano 2008, deberían de apoiar esa modificación do contrato, pois ben o plan do 2008 neste momento xa non existe, e aquí é onde se abren as dúbidas sobre a continuidade da prórroga. Vimos o que pasou o 1 de xaneiro que esa prórroga entrou en vigor, non nos consta que o Goberno Municipal fixera absolutamente nada, co cal entendemos que ten que haber informes xurídicos que así o soporten porque ademais a realidade de que o Plan Xeral estaba na base e na fundamentación desa prórroga non o di o grupo municipal do Partido Popular, dio o propio xefe de Área de Servizos Xerais, un técnico que como vostedes respectan tanto aos técnicos respectarán tamén o informe que fixo no seu momento, no que di claramente e enumera tódolos investimentos que hai que

facen como consecuencia do Plan Xeral, e polo tanto que xustifican esa prórroga e ademais informe ratificado por un experto xurídico que vostedes sempre se quitan da manga, un experto xurídico externo para apoiar a súas decisións políticas, no que tamén se reflicte a necesidade de que esa prórroga se faga como consecuencia dos investimentos do Plan Xeral. Ese Plan Xeral xa non existe e polo tanto hai que facer informes xurídicos que é o que nós e o sentido común razoablemente cremos que se deben achegar por este goberno municipal.

Esperemos que eses informes xurídicos existan e con base a eles se materializara a prórroga que é o que pasa con esa prórroga, cos informes que se emitiron, tanto de Intervención como o da Asesoría Xurídica, que din? Que investimentos se fixeron xa con base a prórroga, porque neste momento descoñécese os investimentos que xa se fixeron e que lle quedaban pendentes a 1 de xaneiro do ano 2016, cando van facer a auditoría sobre os investimentos lle Aqualia que lles pedía o Interventor Xeral no seu informe xa no ano 2010 e reiterouno no ano 2011, cando imos ver a unha concesionaria dun servizo público desta cidade auditada e controlada, que é o que están propoñendo facer vostedes? Están propoñendo reorientar os investimentos cara outros investimentos que si necesita a cidade e ás que me referirei posteriormente? Por favor respóndalle a tódolos vigueses.

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Imos votar a favor da moción presentada polo Partido Popular porque aínda que é certo que a prórroga de concesión administrativo outorgada a favor de Aqualia xa entrou en vigor o día 1 deste mes, isto non evita a necesidade dun informe xurídico que efectivamente como ben expresa a moción presentada, avaliou o efecto da anulación do Plan Xeral de 2008.

Por outra banda, dende a Marea de Vigo pensamos que o Concello de Vigo debería velar porque esta entidade se adicase ao que lle compete que é o saneamento e mantemento de Vigo e non promover outro tipo de actividades como por exemplo, pagar dinosetos para a promoción do Plan Verde que nada ou pouco ten que ver co que deberían ser os seus cometidos.

Máis alá de todo isto, ben sabemos que o que pretende o Partido Popular non é evitar que a prórroga de Aqualia se anule para facilitar que a auga de Vigo pase á man pública, non, ben sabemos que este non é o tipo de políticas que defende o Partido Popular, as políticas que defende son as mesmas que defende o Partido

Socialista cando están en xogo grandes proxectos que beneficien os intereses de grandes empresas como están facendo a Xunta de Galicia e conxuntamente co Concello de Vigo e o Ministerio de Fomento para facilitar que o PXOM de Vigo con toda a súa controversia atope os menos problemas posibles para saír adiante, e é precisamente aí nos grandes proxectos onde se ben realmente as políticas conxuntas do Partido Popular e do Partido Socialista.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Eu creo que varias cousas, o primeiro, a sentenza é clara así o reflectiron tódolos medios de comunicación, a sentenza contra o Plan Xeral ten un responsable que é a Xunta de Galicia e calquera responsabilidade patrimonial que dela se derive será esixible á Xunta de Galicia, pero nós sempre dende esta administración o que facemos é de colaboración, de traballo conxunto e de ser capaces de resolver os problemas da cidade.

Contamos con tódolos que queiran resolver os problemas da cidade e con tódolos que queiran traballar pola cidade, a voceira terá que responder como membro da Xunta de Goberno, de plans aprobados da mesma forma na Xunta de Galicia presidida polo Sr. Feijóo da que ela era conselleira.

Nós imos seguir colaborando, respecto á falla de respecto a esta sala eu creo que todos debemos ser respectuosos Sra. Muñoz, eu creo que hai que se respectuosos cos compañeiros e sobre todo hai que construír o debate, este Pleno ten que ser o Pleno das ideas non o Pleno da confrontación, das liortas, e vostede está moi cómoda na liorta pero nos imos estar moi cómodos no Pleno das ideas, como sempre, co noso Alcalde á cabeza.

Cando vostedes falaban que si un Plan Verde, nos cando entramos neste Concello herdamos do Partido Popular, hai concelleiros nesta sala que xa estaban entón, imaxino que vostedes non renunciarán á historia, 6.574.975,68 euros era a débeda de desviación de tarifa que tiña a empresa concesionaria da Aqualia, repítolle, 6.574.975,68 euros, era a débeda que tiña a empresa Aqualia, e non só iso, viamos as necesidades de investimentos que tiña a cidade, as demandas que tiñan tódolos veciños desta cidade que non se podían satisfacer, sabe vostede por que Sra. Muñoz? Pois non se podían satisfacer porque as arcas do Plan de Investimentos de Aqualia que aínda lle quedaban 5 anos para vencer, estaban a cero, e dígolle máis Sra. Muñoz, a sorpresa que levamos cando entramos nesta Corporación é que os

ciudadás, as viguesas/es non sabían nin entendían nin comprendían como as arcas do Plan de Investimentos de Aqualia estaba a cero porque non se vía ningunha obra feita por aqueles governos do Partido Popular. Cousa que agora é todo o contrario, e faise un acordo como vostede di, baseado en catro puntos por informes de técnicos municipais, vostede dicía que non tiña informe xurídico a prórroga de Aqualia, tiña informe xurídico municipal, non só externos, tiña dous, do Sr. Yebra Pimentel e do Sr. Riesgo Boluda, dous informes xurídicos aparte de tódolos informes económicos, técnicos etc. feitos todos nesta casa. Vostede di que non era transparente eu lle digo que era unha prórroga sumamente transparente e lle digo por que, porque non se fixo en tres horas como vostedes a concesión do hospital, que pasou e informou en menos de tres horas, un cambio dun hospital público a un hospital privado, un cambio que custaba 500 millóns de euros a un hospital que costa 1,5 millón de euros, un plan que foi anulado e un hospital que foi anulado en varias ocasións e por iso ese hospital porque o xulgado así o dixo, no ten nestes momentos laboratorio e teñen andar as probas do laboratorio por aí andando en taxis dun hospital a outro cando a un lle está prevista a súa operación. Iso é como vostedes xestionan as concesionaria e iso é como nós xestionamos as concesionarias, dende o control e o rigor. Eu invítolle a que lean tódolos expedientes porque vexo que non os len porque se me din que non ten informe xurídico municipal e ten dous, a verdade é que non leron o expediente, pero eu me ofrezco a lelo con vostedes, quitalo do arquivo e a lelo con vostedes. Un expediente que tiña varios puntos en común para ter que afrontarse, o primeiro era os pagos dos terreos da nova depuradora, o segundo afrontar o crecemento da poboación prevista, o terceiro adaptarse a unha nova lexislatura medioambiental e sanitaria que experimentou importantes transformacións, o cuarto a tecnoloxía que evolucionou enormemente polos factores sinalados, o quinto os plans xerais, e no informe dicía non só os plans xerais do 1993 senón tamén do 2008, é dicir, os dous plan xerais que neste momento están en vigor.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade é que decepción escoitar a súa contestación a esta moción, dende logo que pedía algo tan de sentido común como os informes xurídicos e técnicos que soportan que esa prórroga haxa entrado en vigor o pasado 1 de xaneiro, cando unha das razóns fundamentais insisto, e o dicía e dio o propio

expediente, que parece que é vostede o que non o le ben o non o quere lembrar, é as obras e os investimentos que facían falla con consecuencia do plan xeral do 2008 que agora xa non existe, que decepción que se neguen unha vez máis e que sigan levantando ese muro de silencio sobre a concesionaria Aqualia, ese muro de silencio no que están vostedes aí agazapados detrás sen querer dar nin unha soa explicación á cidade e sen querer auditar, insisto, como o propio Interventor Xeral lle pedía. Pero para vostedes como sempre é moito máis fácil empezar a botar balóns fora, empezar a falar da Xunta de Galicia, da etapa desta concelleira como conselleira, polo menos quitamos en claro que agora resulta que ese famoso informe que emitiu a Xunta de Galicia xa non se fixo nunha hora, agora se fixo en tres horas, debe ser que como non está o Sr. Font, vostede non lembra moito o tempo e ampliou a tres horas o tempo no que se fixo, iremos incrementando ese tempo seguramente porque volverano quitar cada vez que se atopen nun canellón sen saída, cada vez que non se teñan argumentos e dende logo non se queiran dar explicacións sobre a xestión do Concello de Vigo que é do que estamos a falar, estamos a falar do Concello de Vigo e estamos a falar de que hai uns días esta cidade se inundou e deu a volta a España as imaxes de Vigo, nunha imaxe lamentable da cidade das que vostede se deberían de avergoñar, porque demos a imaxe dunha cidade terceiromundista porque a vostedes lles gusta máis os investimentos de Aqualia, as que se ven, que Aqualia invista neses setos decorativos, dinosetos, en oliveiras e entre dinoseto e dinoseto, señores do Goberno Municipal, Sr. Regades, non se van a sentar co Aqualia para ver como se acometen os investimentos que fan falla para que non se produzan esas inundacións, porque nesa prórroga que vostede quere esquecer fálase claramente dos tanques de tormenta que se teñen que facer por parte Aqualia e Aqualia os ten que acometer para evitar esas inundacións, non o digo eu, dio o informe técnico e fala expresamente de Balaídos. Pero vostedes destes investimentos non queren sabe nada porque estes investimentos non se ven, están baixo terra e a vostedes só lles interesa o que se ve e o que se pode presumir e o que se pode pasear e non o que necesita a cidade, e a cidade necesita investimentos en saneamento de tódolos seus barrios e é o que vostedes non están a facer, e agora que manteñen unha prórroga que deberían de revisar, aproveiten, dicímosllo con boa vontade, reformulen eses investimentos e se queren manter esa prórroga porque non queren

vostedes convocar un concurso público e queren seguir facendo que os vigueses paguen polo que non consumen, aproveiten e reformulen eses investimentos.

PRESIDENCIA: Sra. Muñoz, como vostede ben sabe as inundacións do pasado venres eran en toda Galicia, vímolos nos informativos e na prensa autonómica, non só iso, vostede sabe que as inundacións se repetiron en toda Galicia e que se repetiron en todo Vigo, pero se repetiron e non se emendan como vostedes saben ben cuns tanques de tormenta e teño que invitala unha vez máis a ir a visitar os tanques de tormenta que hai dous en Balaídos que non solucionan este problema porque desbordouse o río nos dous sitios que se inundou a cidade que foi en Sárdoma e en Balaídos.

(No momento da votación atópase ausente o Sr. Alcalde, presidindo o 2º tenente de Alcalde, Sr. Regades Fernández).

VOTACIÓN: Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e catorce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 16.12.2015 (Rex. Nº 1293/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.



**4.4(262).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO PLENO A SINATURA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO E A XUNTA DE GALICIA NO QUE ESTA SE COMPROMETA A FINANCIAR OS CUSTES DE REDACCIÓN E ELABORACIÓN DO NOVO PXOM DE VIGO. REXISTRO PLENO 1297/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de decembro de 2015, número 1297/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

**MOCIÓN**

“O Pleno do Concello de Vigo, ven de acordar por unanimidade a elaboración dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal adaptado a lexislación vixente que substitúa ao actual PXOU de 1993.

Dada a importancia da adaptación e revisión do planeamento municipal para o desenvolvemento sostible de Galicia, dada a importancia de Vigo na súa área metropolitana e na articulación e desenvolvemento de Galicia, resulta imprescindible a colaboración do Concello de Vigo e da Xunta de Galicia para a elaboración do novo PXOM de Vigo.

A Xunta de Galicia, dadas as súas competencias en materia de urbanismo, debe procurar a adaptación dos planeamentos municipais a lexislación vixente. Por este motivo, en todas as cidades de Galicia asinou convenios de colaboración para o cofinanciamento dos gastos de redacción, e elaboración tanto dos PXOM como de outros instrumentos de planeamento.

Neste caso, en especial dado que a sentenza do Tribunal Supremo declara nulo o PXOM de Vigo de 2008 Paséase na "insuficiente" motivación dunha resolución da administración medioambiental autonómica, creemos que aínda resulta mais xustificada a colaboración da Xunta de Galicia para financiar os custes da redacción do Novo Plan.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

**ACORDO**

- Sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo polo que a Xunta de Galicia se compromete a financiar os custes de redacción e elaboración do novo PXOM de Vigo.”

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Temos hoxe esta iniciativa do Grupo Socialista que ten como obxectivo fundamental continuar cos traballos de elaboración do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo. Obviamente esta situación prodúcese a raíz da nulidade do Plan Xeral de Ordenación Municipal decretada por sentenza xudicial, como saben, do Tribunal Supremo a finais do mes de novembro, do que o Concello de Vigo tivo coñecemento o día 30 de novembro, a consecuencia desta situación como ven saben, o Concello de Vigo tomou a decisión de poñerse a traballar de xeito inmediato para intentar resolver os problemas que, tanto sobre os particulares como sobre as institucións públicas, poderían aparecer derivadas da nulidade do Plan Xeral de Ordenación Municipal e tamén do mesmo xeito, de xeito absolutamente prioritario, traballar no novo Plan Xeral de Ordenación Municipal para este Concello.

De tal xeito que por ese motivo tivemos unha serie de reunións coa Xunta de Galicia promovendo e procurando a colaboración da Xunta de Galicia para chegar a bo fin con ámbolos dous obxectivos, por un lado, minimizar o impacto da nulidade do Plan Xeral de Ordenación Municipal e por outra banda, redactar un novo plan que permitira coa estreita colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo ter un novo Plan de Ordenación Municipal axustado á legalidade vixente no prazo máis breve posible.

Neste caso temos que recoñecer que a Xunta de Galicia procurou esa colaboración baixo dous aspectos, por un lado a constitución dunha comisión técnica de seguimento do traballo de redacción dos novo Plan Xeral de Ordenación Municipal que acordamos coa Secretaria de Ordenación do Territorio o día 14 de decembro e onde o Concello de Vigo xa determinou as persoas que van compoñer esa comisión, catro membros, eu mesma, o xerente da xerencia de urbanismo, a directora da oficina técnica e o director de Planeamento da Xerencia de Urbanismo de Vigo, e quédannos por determinar as catro persoas que formarían parte desa comisión por parte da Xunta de Galicia. En calquera caso o noso obxectivo é que esa comisión técnica teña unha periodicidade de reunión mensual pero se existe algunha cuestión, algunha incidencia que require unha periodicidade máis breve para a súa reunión pois que se poida producir reunións de xeito máis rápido.

En calquera caso, o Concello de Vigo trasladou á Xunta de Galicia a necesidade de

que algúns proxectos que lamentablemente se viran paralizados ou resultaran paralizados pola nulidade do Plan Xeral poderán ser desenvolvidos dende os instrumentos de planeamento que a propia Xunta de Galicia ten a súa disposición. Neste caso, a semana pasada tivemos a noticia por parte do Presidente da Xunta de Galicia de que comprometían un acordo para, dentro da nova lei do solo de Galicia, introducir unha nova redacción do artigo 144 que da cobertura, ou podería dar cobertura a situacións de interese público que por urxencia e excepcional interese, tanto para a Comunidade Autónoma de Galicia como para tódalas institucións públicas, poderían ser desenvolvidas de xeito máis rápido por enriba do planeamento municipal, sempre que os concellos estean de acordo, neste caso entendemos que se abre unha porta para solventar algún deses proxectos estratéxicos que ten esta cidade, aqueles desenvolvidos por iniciativa pública, en especial as cuestións que teñen que ver co polígono de Balaídos e a ampliación de Citroën, as cuestións que teñen que ver coa estación Intermodal e a estación de ferrocarril e as que teñen que ver coa Cidade da Xustiza. Neste caso descoñecendo aínda o alcance concreto desa iniciativa e se chegará a bo porto, confiamos que si, esperamos que sexa unha vía de solución non só para o Concello de Vigo, obviamente para tódolos concellos que poidan estar nesta situación, estamos seguros que motivo polo cal a Xunta de Galicia promove esta modificación legal. En calquera caso, chegados a este punto cremos que é imprescindible non só falar dos traballos que estamos a facer dentro do Concello para intentar resolver esta situación, senón tamén do financiamento deses traballos, case tódalas cidades de Galicia tiveron convenios de colaboración para promover o financiamento e os estudos dos distintos instrumentos de planeamento que desenvolveron. Esta cidade tamén contou cun financiamento para desenvolver o Plan Xeral de Ordenación Municipal do ano 2008, esperamos que neste caso conte tamén con ese financiamento por parte da Xunta de Galicia máis aínda cando a nulidade do Plan se produce por unha insuficiente motivación dun informe da Xunta de Galicia. Esperamos ao apoio dos grupos deste Concello para promover esa colaboración coa Xunta de Galicia e ese convenio para o financiamento dos traballos da redacción do Plan.

SR. PÉREZ CORREA: Eu quero cinguirme ao contido desta moción que nos parece

lóxica, dentro do que ten que ser a colaboración natural entre administracións pero como hai mención, a nós sorpréndenos a retirada da anterior moción e esperamos que non sexa por un acordo entre o Partido Popular e o Partido Socialista por introducir esa discrecionalidade que vai a ser posta enriba da mesa con esa modificación dunha lei do solo coa que nós nos estamos de acordo pero que vai significar practicamente que todo o planeamento urbanístico e tódolos PXOMs queden en papel mollado porque van poder ser modificados de “facto” por esa modificación que por certo ten que contar co acordo de tódolos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia e nós anunciamos que se se elimina o período de exposición pública e a alegación como pretende o Partido Popular, Alternativa Galega de Esquerda non vai estar nese acordo ata que iso se quede absolutamente desterrado, a posibilidade de que se poida aprobar por exemplo, por esta vía a ampliación do polígono de Balaídos, sen o lexítimo dereito dos veciños/as de Matamá a poder alegar o que supón de agravio esa proximidade dun ámbito industrial as súas vivendas. Polo tanto, ese é outro tema que discutiremos seguramente neste Pleno se o que anunciou o Partido Popular no Consello da Xunta de Galicia do pasado día 8, significa de “facto” eliminar ou aprobar pola vía de atrás esas modificacións urbanísticas independentemente do planeamento que teñan os concellos e como esa dúbida está enriba da mesa e nós pedimos aclaracións ao goberno da Xunta de Galicia de como se vai proceder a esa modificación, imos a ir ao contido desta moción, nós estamos de acordo, o convenio entre administracións públicas nos parece unha fórmula xurídica absolutamente beneficiosa, normal, moitas veces este grupo municipal ten posto en dúbida os convenios entre administracións públicas e empresas privadas, aquí estamos falando dun convenio de colaboración entre dúas administracións que son corresponsables dun problema que temos nesta cidade, corresponsables, para nós cunha corresponsabilidade bidireccional, quen solicita a exención dese trámite é o Concello de Vigo, quen o aproba é a Xunta de Galicia, polo tanto, a corresponsabilidade o lóxico sería que para que non supoña un agravio comparativo, económico, só a unha administración pois que se produza un convenio entre as dúas administracións para a redacción do novo Plan Xeral, porque polo menos asumimos colectivamente que hai que redactar un novo Plan Xeral e que iso require un paso que consideramos que é previo a pedir calquera

tipo de axuda, que sería contratalo, abrir o proceso de contratación pública da redacción do novo Plan Xeral porque todas e cada unha das liñas de axuda ou dos convenios de colaboración que a Xunta de Galicia está a establecer con moitos concellos deste país, sobre todo dos concellos de menos de 50.000 habitantes que son os que teñen máis problemas non só para redactar o seu Planeamento, case un 25% dos concellos deste país aínda non o teñen senón para adaptalo para as modificacións que se van facendo como pode ser á Lei de costas, ou agora vai ser a modificación da Lei do solo.

Polo tanto, non nos parece lóxico que as dúas administracións a través dun convenio cofinancien unha situación de agravio económico que está provocado polas dúas administracións, o que non entendemos e que si pediríamos unha aclaración é na exposición de motivos da moción queda claro que se propón un convenio de colaboración para o cofinanciamento dos gastos de redacción e elaboración pero logo no acordo pon sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo pola que a Xunta de Galicia se compromete ao financiamento dos custos de redacción e elaboración do novo Plan Xeral, é dicir, pedimos un convenio de colaboración e este significa que a administración autonómica paga o 100%, pois nos consideramos que a corresponsabilidade da anulación do Plan Xeral tamén significa que o Concello de Vigo terá que poñer parte dos seus recursos porque ten unha responsabilidade tamén na anulación deste plan, os convenios soen poñer enriba da mesa, non dicimos que sexa o 50/50 pero que entre as dúas administracións teñen que poñer enriba da mesa os recursos porque pensamos que son corresponsables desta situación. Polo tanto, se que pediríamos unha aclaración porque si que está ben exposta esa solidariedade entre administracións para a redacción pero logoponse que sexa a Xunta de Galicia a que asuma o 100% do custo, cousa que non pasa practicamente en ningún concello porque un convenio de colaboración significa que hai unha dobre participación económica en sufragar a redacción ou a adaptación do planeamento urbanístico.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade Sra. Caride que eu cada vez que a escoito falar de que o Plan Xeral do ano 2008 anulouse por culpa da administración autonómica, da insuficiente motivación do informe de avaliación ambiental do goberno

autonómico que vostede mesma validou como conselleira de Política Territorial, sinceramente non sei como non se ruboriza, porque falamos de moitas cousas, fálase de Aqualia e os concelleiros do Partido Socialista lles lembra a esta concelleira que foi Conselleira de Facenda e entón falan de calquera cousa que se tomara pola Xunta de Galicia que non ten nada que ver, e resulta que vostede que foi a conselleira que avalou o 98,5% do Plan Xeral que nada máis e nada menos o Tribunal Supremo lle di que é ilegal, enriba non só non pide desculpas senón que o repite continuamente, só coa finalidade de non culpar ao Concello de Vigo, son vostedes igualmente responsables. Eu sinceramente agradézolles que retiraran a moción que presentaran neste Pleno municipal porque o que non queremos é que o Goberno Municipal sega facendo o ridículo, e esa moción que presentaron vostedes facía sinceramente o ridículo, porque dicía vostede “non é que nós fomos á Xunta de Galicia a pedirilles que buscaran unha solución dentro do ámbito das competencias autonómicas e agora é o que fixeron”, non señores, e esta moción que agora queren ocultar para non debatela o demostra, vostedes o que lle pediron á Xunta de Galicia é que asumira a supramunicipalidade deses proxectos claves para a cidade, vostedes o que quixeron foi quitarse da mesa a toda cosa e o máis rapidamente posible un expediente que lles queimaba e que no sabían por onde saír, e querían quitalo de enriba da mesa e o primeiro que se lles pasou foi a supramunicipalidade, pasarlle a pataca quente a outra administración, sen importarlle nin a seguridade xurídica, nin a axilidade dos proxectos que fixeran falla, porque esa solución non era nin a máis segura xuridicamente nin a máis áxil e iso non é que o diga eu, é que ata os propios técnicos municipais non foron capaces de facerlle a súa petición un informe que avalara que esa era a mellor vía, porque cando este grupo municipal pediu un informe xurídico que acreditara cal era a mellor vía, vostedes despacháronse cun informe xurídico dun folio, así o resolveron vostedes. Pero o que querían non era ese informe xurídico, o que querían era quitarse, como eu digo, ese expediente de enriba da mesa, e xa basta, non cometan vostedes os mesmos erros que levaron a que esta cidade neste momento estea cun Plan Xeral de 1993. Actúen con rigor, actúen con sensatez, con sentido común, escoiten a todos, este grupo municipal quere tanto como vostedes que o Plan Xeral novo se faga da forma máis rápida posible e con toda a seguridade xurídica para non incorrer nos mesmos erros e para non sumir á cidade

na situación que neste momento está. Exactamente ten a mesma intención este grupo municipal e terán a este grupo municipal da man e ao carón, traballando con rigor por ese Plan Xeral, xa llo dixen e vólvollo repetir unha vez máis pero non estaremos de acordo coa súa falla de rigor, coas súas gañas de culpar a todos e non mirarse ao embigo, non estaremos de acordo con que busquen solucións noutras partes cando vostedes teñen que dar aquí a solución e dende logo non estabamos de acordo con esa supramunicipalidade que non garante nada máis que lavarse vostedes as mans.

Polo tanto, eu creo que é o momento de reflexionar, agora hai unha solución, hai unha vía para os grandes proxectos da cidade pero quedan tódolos pequenos e quedan o resto de cidadáns de Vigo que están preocupados pola situación das súas vivendas e aos que hai quedar unha resposta e unha resposta o antes posible. Isto significa que queda moito por facer, pero aquí a Xunta de Galicia e dende logo nós votaremos a favor desta moción porque cremos que dende a Xunta de Galicia hai que colaborar nos gastos de elaboración do novo Plan que por certo, non nos dixeron se van licitar un proxecto, que é o que van facer exactamente, en que gastos van a incurrir, diso non falan só din que llo paguen outro, nós estamos de acordo en que llo pague outro pero tamén dicimos que a Xunta de Galicia está aí, igual que estivo neste problema, igual que estivo á altura e que lles deu unha auténtica lección de responsabilidade institucional, aprendan do que é unha administración responsable que pensa primeiro nos intereses dos cidadáns e non nos seus intereses propios, xa nos gustaría aos vigueses que este goberno municipal houberse actuado coa mesma altura de miras noutros temas importantes para a cidade e que non se adicou a outra cousa senón a poñer pedras día tras día.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu Sra. Muñoz o que lle pediría é que actuara vostede tamén con altura de miras porque acaba de quedar co pe cambiado, a Xunta de Galicia dende o primeiro momento de nulidade do Plan Xeral tomou conciencia de que non tiña só un problema con Vigo, tiña un problema con moitos concellos nos que se decretara a inviabilidade da aplicación da Lei de avaliación estratéxica ambiental, foi o Partido Popular de Vigo o que estivo en contra dos intereses de Vigo, foi o Partido Popular de Vigo o que intentou que a Xunta de Galicia lle negara axuda ao Concello de Vigo, foi o Partido Popular de Vigo o que reiteradamente

intentou boicotear o apoio e a axuda da Xunta de Galicia, e afortunadamente aínda que quedaron co pe cambiado o Presidente da Xunta de Galicia vendo o que se lle viña enriba, decidiu intentar promover unha iniciativa, pero Sra. Muñoz que hai máis supramunicipal que o que acaba de decidir a Xunta de Galicia? Pero que hai máis supramunicipal que unha actuación por enriba do Planeamento Municipal que di que para aqueles proxectos que son de interese público e interese estratéxico e urxencia, por certo Sra. Muñoz, lea ben o artigo 144 que propón o Goberno da Xunta de Galicia que di, cando as súas finalidades se consideren de interese público para a comunidade autónoma por estar vinculada a materias da súa competencia”, polo tanto, están a facer un trámite ou tentando facer un trámite máis áxil para facer o mesmo que lle pedía esta Concello. Claro que é supramunicipal, está por enriba das competencias exclusivas deste Concello, iso si, cun informe que ten ser necesariamente preceptivo e vinculante só se os concellos así están de acordo en apoialo.

Polo tanto, e que non o digo eu que o motivo da nulidade do Plan é por insuficiente motivación dun informe, dio o Tribunal Supremo, polo tanto, vostede pode intentar enredar pero o Tribunal Supremo di que é a insuficiente motivación dun informe da Consellería de Medio Ambiente, como vostede di, naquel momento entendíamos que era perfectamente legal e por certo tamén o entendeu o seu goberno que deu respaldo e apoio ao resto do Plan Xeral que non estaba aprobado, sen facer ningunha salvidade, e como deu respaldo e apoio o seu goberno a todos aqueles plans que se presentaron a partires dese momento coa mesma motivación, por non aplicación ou inviabilidade da aplicación da Lei de avaliación estratéxica ambiental. Eu sinceramente espero respecto ao representante de Marea de Vigo espero que todos sexamos responsables, hai unha situación de extrema gravidade posta enriba da mesa, non só que afecta a este Concello como dicimos senón que pode afectar a moitos concellos de Galicia, ábrese unha vía para intentar salvar algún proxecto de iniciativa pública, eu creo que está moi ben que pidamos as garantías e as garantías dos dereitos dos cidadáns como vostedes dicía, pero solicitámoslle que dende logo sexan responsables, xogámonos moito.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación,



dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.12.2015 (Rex. Nº 1297/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

#### **4.A. MOCIÓN URXENTES DE CONTROL DO GOBERNO MUNICIPAL.**

##### **4.A.1(263).- MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO ALCALDE A ASISTIR AO ENCONTRO CONVOCADO POLA XUNTA DE GALICIA O VINDEIRO 19 DE XANEIRO AO OBXECTO DE CONQUERIR CONSENSO PARA A POSTA EN MARCHA DA AREA METROPOLITANA DE VIGO. REXISTRO PLENO 11.01.2016.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 11 de xaneiro de 2016, número 1303/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteríz, formula a seguinte,

##### MOCIÓN

“Coñecida tras a convocatoria deste pleno a chamada da Xunta a unha reunión, prevista o vindeiro 19 de xaneiro, con todos os alcaldes representantes dos 14 concellos integrados no proxecto da Área Metropolitana de Vigo; e dada a importancia desta cita para acadar o consenso imprescindible que permita desbloquear a posta en funcionamento deste órgano supramunicipal encargado de xestionar, mellorar e abaratar servizos públicos básicos para os cidadáns, este grupo municipal do Partido Popular cre necesario o pronunciamento deste pleno tendo en conta as seguintes consideracións:

- O Área Metropolitana de Vigo é vital para mellorar, ampliar a cobertura e abaratar os servizos públicos dos case medio millón de habitantes dos 14 municipios integrados no proxecto.

- Entre abril do 2011 e agosto do 2012 a Xunta de Galicia aprobou o anteproxecto de Lei do Área Metropolitana de Vigo, aceptou o 60% das alegacións presentadas polos grupos políticos representados na Cámara Galega, aprobou definitivamente a

Lei 4/2012, e mesmo tivo lugar a asemblea constituínte deste órgano, á que non asistiron nin o alcalde socialista de Vigo nin o rexedor, tamén socialista, de Fornelos de Montes.

- Esta concelleira lamenta que a alcaldía de Vigo teña paralizado durante todo este tempo de xeito arbitrario a entrada en funcionamento do área metropolitana, privando ao medio millón de cidadáns do sur da provincia das vantaxes deste órgano para algúns dos seus servizos básicos.

- Tralas últimas eleccións locais, o alcalde de Vigo reduciu o debate sobre o área metropolitana exclusivamente aos concellos non gobernados polo PP, excluindo das súas reunións e conversas a estes alcaldes e mesmo ao resto de grupos de oposición de todos os concellos. Semella, polo tanto, un uso partidista dun tema de evidente interese social e cidadá.

- Non semella coherente demandar a posta en servizo do área e, ao mesmo tempo, excluír deliberadamente a Vigo do plan de transporte metropolitano, que é un pilar básico da futura área por canto ven a resolver a mellora da mobilidade dos cidadáns.

- Tampouco parece axeitado que o rexedor vigués propoña agora duplicar o número de municipios integrantes do proxecto inicial do área metropolitana, incorporando unicamente a municipios con alcaldes socialistas ou partidarios do seus plantexamentos.

- A pesares do evidente retraso do área e a importancia da mesma para as viguesas e vigueses, o alcalde de Vigo non confirmou aínda a súa asistencia á reunión convocada pola Xunta debido a unha xestión en Madrid como presidente da FEMP. Este grupo municipal considera que a prioridade do rexedor vigués debe ser representar á cidade nesta importante cita co resto de alcaldes da futura área, onde se deberán sentar as bases das reformas legais necesarias para activar este órgano coa maior brevidade posible. Sería polo tanto un escándalo a ausencia do alcalde nesta xuntanza que semella decisiva.

Por estas circunstancias, e tendo en conta os devanditos antecedentes, esta concelleira suxire ao pleno do Concello de Vigo a adopción do seguinte:

#### ACORDO URXENTE:

- Instar ao alcalde Abel Caballero a asistir ao encontro convocado pola Xunta de Galicia o vindeiro 19 de xaneiro para conquistar o necesario consenso que permita poñer en marcha o Área Metropolitana de Vigo.

- Acudir a esta cita coa firme vontade de pactar, xunto co resto dos alcaldes, as modificacións precisas na Lei vixente para que o Área Metropolitana poda activarse no menor prazo posible.

- Defender os lexítimos intereses de Vigo no futuro órgano supramunicipal, sen por

elo dificultar deliberadamente a entrada en funcionamento desde órgano que ten por obxecto mellorar e abaratar os servizos aos cidadáns.

- Aproveitar esta reunión coa Xunta e co resto de membros da asemblea constituínte do área para integrar a Vigo plenamente no plan de transporte metropolitano, tendo en conta que a mobilidade dos cidadáns é o pilar básico e a razón de ser da propia área metropolitana.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Un minuto para xustificar a urxencia desta moción, cremos que a reunión convocada pola Xunta de Galicia o día 19 é importante para a cidade e consideramos indispensable que o Alcalde de Vigo acuda a esa reunión, cremos que non hai outra reunión máis importante á que poida asistir que esa, para defender os intereses de Vigo nesa reunión e para chegar a un acordo para poñer en marcha a Área Metropolitana.

SR. PÉREZ CORREA: Nos consideramos que si que ten urxencia que deberíamos valorar positivamente porque non imos ter ou entendemos que non vai haber un Pleno antes deste día 19, e consideramos que está habendo un cruce de informacións en prensa e consideramos que si se debe tratar.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Nós entendemos que non hai urxencia, a urxencia era hai dous anos cando o Sr. Feijóo e o Partido Popular corromperon hai catro anos esta Área, que por certo, hoxe en día si que está solucionada por aquilo de que a cidade de Vigo pesara o mesmo que o Concello de Mos ou o de Fornelos, iso está solucionado a día de hoxe e ninguén o cuestiona, o que si nos preocupa, o Alcalde xa o dixo estes días, o problema non é da asistencia ou da non asistencia, o problema é da convocatoria, é da raíz da convocatoria, nós cando convocamos a alguén, aos grupos pois falamos cos grupos e lles dicimos, vostedes poden ir ou teñen outros compromisos previos, as obrigas que ten o Presidente da Federación Española de Municipios e Provincias pois son importantes, eu creo que ten que ser un orgullo para tódolos membros deste Pleno, sexan do Partido Popular sexan de Mareas ou de Grupo Socialista de que é importante ter un Presidente da FEMP.

Eu escoiteina Sra. Muñoz, non quedamos en que hoxe íamos ter o Pleno das ideas?

Imos a escoitarnos.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Con dez votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa e quince votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a urxencia da Moción presentada, en data 11.01.2016 (Rex. Nº 1303/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteríz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

## **5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.**

### **5.1(264).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS, RELATIVO Á RETRANSMISIÓN DOS PLENOS NA PÁXINA WEB DO CONCELLO.**

SR. FIDALGO IGLESIAS: Conforme se aprobou un código de transparencia no Concello, este Grupo político vería ben que os plenos municipais se puidesen retransmitir na páxina web do Concello, en Vigo.org, porque moita xente podería decatarse do que acontece e seguir en directo e despois gravado en vídeo os plenos municipais, eu penso que sería bo.

PRESIDENCIA: Tomaremos nota.

**5.2(265).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS, RELATIVO Á PARTICIPACIÓN DE TÓDOLOS GRUPOS POLÍTICOS NOS ACTOS QUE ORGANIZA O CONCELLO DE VIGO.**

SR. FIDALGO IGLESIAS: Se lembrara nos actos que organiza ou colabora o Concello de Vigo, que hai outros grupos político que formamos parte da Corporación e por iso queríaos que se nos fixera partícipe a este grupo tamén, das axendas para acudir a eses actos conforme tamén somos representantes dos cidadáns. Por exemplo, a recepción as súas Maxestades, os Reis Magos de Oriente pero tamén ó concursos de rondallas deste domingo, aos premios Vida e do encendido do alumeado do Nadal, etc.

PRESIDENCIA: Tomaremos nota.

**6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

**6.1(266).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. PÉREZ CORREA, RELATIVO AOS CUSTES SALARIAIS DAS CONCESIONARIAS.**

SR. PÉREZ CORREA: Que mecanismo ten este Concello para auditar os custes salariais que as empresas concesionarias como a que remata o servizo de mantemento do alumeado declara e que polo tanto condiciona o custe do servizo?

SR. REGADES FERNÁNDEZ: O cumprimento da lexislación vixente co cal e por conseguinte o cumprimento da lei.

**6.2(267).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SR. JÁCOME ENRÍQUEZ, RELATIVO AO PROGRAMA SÍSIFO.**

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Por que a día de hoxe non está a funcionar o servizo de autobús do programa Sísifo cando este goberno municipal anunciaba en data do 23 de setembro do pasado ano, o seu inmediato funcionamento?

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Gustaríame primeiro dicirlle e pedirlle que non se utilizara a exclusión social como recurso para certo tipo de debates, non existe o programa Sísifo, léolle exactamente o contrato do programa Sereos, redución dano e medio aberto alimentación básica, calor café, intercambio de xeringas, distribución de preservativos, información, coordinación e derivación a recursos das redes sanitaria e social, redución do dano, motivación para o tratamento, educación para a saúde, estratexia da redución do consumo, consumo de menos ricos, sexo seguro e mellora da calidade de vida, isto coa Fundación Érguete que ten a súa disposición cando queira.

**6.3(268).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIRO, RELATIVO AO DESBLOQUEAMENTO DOS ORZAMENTOS DAS CONCELLERÍAS ADICADOS A PUBLICIDADE DA ALCALDÍA.**

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Por que non se desbloquean con mais antelación a parte dos orzamentos das concellerías que van destinados á publicidade da Alcaldía para que así se puidera programar mellor o seu investimento por parte das propias concellerías?

SR. PARDO ESPIÑEIRO: Vanse desbloqueándose segundo cando van xurdindo as necesidades.

**6.4(269).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO, SRA. LÓPEZ BARREIRO, RELATIVO AOS CRITERIOS DE ADMISIÓNS E REXEITAMENTO DAS SOLICITUDES PARA INTERVIR NO PLENO.**

SRA. LÓPEZ BARREIRO: Cales son os criterios que se teñen en conta para admitir ou rexeitar as intervencións no Pleno solicitadas por diversos colectivos, asociacións, sindicatos e movementos sociais da cidade?

SR. RIVAS GONZÁLEZ: Os que marca o regulamento.

**6.5(270).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. MUÑOZ FONTERIZ, RELATIVO Á CESIÓN DOS TERRESO PARA A CONSTRUCCIÓN DA CIDADE DA XUSTIZA.**

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Estamos no mes de xaneiro do ano 2016, cando vai traer o goberno municipal a este Pleno a cesión dos terreos para a construción da Cidade da Xustiza?

PRESIDENCIA: Contestamos por escrito.

**6.6(271).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, RELATIVO ÁS ACTIVIDADES DO MARISQUIÑO.**

SR. GAGO BUGARÍN: Por que despois de dúas edicións do Marisquiño no que se anunciou que ía facer un skater privado para bicicletas, BMX e para skaters, por que agora propónse unha alternativa distinta, en descuberto, parecida a do Castro e non a cuberta que é o que demandan os usuarios para en caso de inclemencias?

PRESIDENCIA: Contestamos por escrito.

**6.7(272).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ, RELATIVO AO INTENTO PARA IMPEDIR O ACCESO AO ACTO DE RECEPCIÓN DO DÍA DE REIS AO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.**

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Queremos saber dende o Partido Popular quen deu a orde de intentar impedir o acceso ó acto de recepción do día de Reis a este grupo municipal que forma parte da Corporación e a súa vez necesitamos saber quen deu a orde a unha persoa que estaba de seguridade para agarrarme por un brazo e intentar tirarme polas escaleiras.

PRESIDENCIA: Son dúas preguntas, contestamos por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e cincuenta e oito minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,



Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.